

# XVI *Certame Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*



XVI  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

# Manolo Rodríguez

---

Manuel Rodríguez López, destacado escritor, deixou entre nós memoria grata de home entrañable, amador da súa terra, escritor comprometido e galego -en Cataluña ou en Galicia- consciente e exercente, defendendo o idioma e a cultura como os nosos bens máis prezados.

Deixounos unha obra literaria en prosa e verso que reivindicou e reivindica a nosa terra e a nosa xente, defende ao traballador, exalta a cultura herdada dos nosos devanceiros, e ten a Paradela como o seu gran Norte, como punto de orixe e de destino, e como lugar mítico, soñado, fito do Gran Camiño dos Cristiáns a Compostela.

E deixounos unha familia que, ao manter vivo o seu recordo como a familia de Manolo o fai, evidencia como debe ser un núcleo familiar onde os valores tradicionais, relixiosos, galegos, humanos, sobreviven ás persoas e axudan a seguir unha traxectoria firme e recta cara o futuro.

Fóisenos fisicamente Manolo Rodríguez e quedáanos a súa familia: A súa viúva, Irene; os seus fillos, Enrique e Santi, a súa nora Mary, e o seu neto Carlos, que cun contorno numeroso de apoios familiares preséntanos a cotío a testemuña de amor e de lembranza que para nós quixeramos cando o momento se presente.

O Concello de Paradela, consciente da débeda permanente con quen tanto quixo a esta terra e tanto a serviu, fillo predilecto deste Concello, organiza anualmente o certame “Manuel Oreste Rodríguez López” de narrativa e poesía na súa memoria. E connosco, co goberno municipal convocante, está todo o concello entendido no senso máis amplo como o conxunto dos seus habitantes, e a familia do Manuel que co paso dos anos e pola agarimosa relación existente foise convertendo na familia do Concello de Paradela, á que todos queremos.

# *de Paradela*

---

Nesta nova edición da anual publicación que Paradela efectúa para recoller os traballos premiados no Certame, presentamos os poemas e narracións correspondentes á XVI edición, na que o Xurado tivo o difícil traballo de elixir entre 72 poemas e 86 narracións, a inmensa maioría dunha gran calidade .

Para o Concello de Paradela e para min como Alcalde é unha grande satisfacción e orgullo poder presentar este anual resumen dun Certame Literario na honra do noso Fillo Predilecto, que constitúe o tomo número XVI da colección literaria que leva o nome de Manuel Rodríguez López, que se ten convertido nun Certame que supera todas as fronteiras, téndose recibido orixinais de toda España, e de diversos países de Europa e América.

Honrando ó noso literato e amigo, Paradela engrandece as súas letras e supera barreiras xeográficas para facer chegar a todo o mundo a memoria dun home xeneroso e bo que amou sen límites á súa terra e viviu sempre pensando nela.

José Manuel Mato Díaz,  
Alcalde de Paradela.

# O poeta e escritor

---

Permítanme comezar esta especie de prólogo coas mesmas verbas con que presentaba o décimo noveno libro da miña bibliografía, Hojas volanderas científico-periodísticas sobre Vivero, agora ya fijas en un libro.

O trece de febreiro de 1990 morría o escritor e poeta de Paradela Manuel-Oreste Rodríguez López. Enseguida o seu concello o nomeou fillo predilecto.

Este bo amigo meu, que repetidas veces nos seus escritos xornalísticos se ocupara de enxalzar os meus estudos ata daquela publicados, non cansaba de repetir que os estudos científico-xornalísticos, xa case ao día seguinte da súa publicación, non eran máis ca follas voandeiras ao vento... E insistíame que debería convertelas en follas fixas dun libro.

O contido de moitísimas desas follas voandeiras xa son desde hai tempo, máis debidamente documentadas, follas fixas de varios libros.

Támén moitas outras van ser agora follas fixas deste libro. Pero neste caso quero que o sexan coa súa mesma frescura científico-xornalística coa que saíron voandeiras.

Como é lóxico, e tamén pola miña amizade coa familia de Manolo, dediquei á súa muller, Irene, e aos seus fillos un exemplar de dito libro.

Pasou algún tempo e o seu fillo Santiago, nun casual encontro, brindoume a oportunidade de facer o prólogo ao proxectado XVI Certame Literario do Concello de Paradela, na honra do noso tan singular poeta e polifacético escritor, Manuel-Oreste Rodríguez López.

Eu persoalmente coñecín a Manolo e entrei no seu círculo de amigos só nos últimos anos da súa vida con residencia aquí en Lugo. Pero xa moito antes sabía de el e das súas singulares cualidades de poeta e de polifacético escritor, especialmente porque en repetidas ocasións fora amplamente informado diso polo seu gran amigo e tamén, coma el veciño de Paradela, Don Xesús Mato Mato, o meu compañeiro de curso en toda a nosa carreira sacerdotal. Esta convivencia foi moi continuada despois en moitas reunións fraternais e en non poucas actividades culturais.

Debo dicir que a invitación do seu fillo Santiago a facer este prólogo inmediatamente me fixo darlle un moi gozoso “sí”. Era este un modo oportunísimo para manifestarlle ao poeta e escritor o meu interior agradecemento, e así cumprir tres desexos moi especiais.

# *Manuel Oreste, un amigo inesquecible*

*Por Jaime Delgado Gómez*

---

O primeiro era poder manifestarlle publicamente as grazas por ter enzalzado nalgúns dos seus escritos xornalísticos as miñas investigacións arqueolóxico-xornalísticas publicadas en El Progreso e que naqueles últimos anos da súa vida se achegaban xa a uns 150 artigos. E grazas tamén por aquela amizade que tan espontaneamente xurdiu entre os dous naqueles poucos anos que puidemos disfrutala, amizade que en tres ocasións aproveitou para acompañarme no meu traballo de campo. Unha vez foi para estudar e fotografar a igrexa monasterial de San Miguel de Eiré e a do mosteiro de Ferreira de Pantón. Nunha segunda ocasión fíxoo ao visitar as dúas igrexas monumentais do Saviñao, a de San Esteban de Miño e a de Diomondi. Na terceira acompañoume ao facer tamén o estudo persoal das dúas igrexas románicas da vila de Portomarín e fotografalas, visitas todas nas que ambos gozamos o noso, como adoita suceder nestes casos.

O segundo desexo é o de ter con esta aportación a posibilidade de participar tamén neste especial acontecemento na honra do tan recordado Manolo, como os amigos adoitabamos chamarlle.

Xa anos atrás, en varias ocasións, tivera a gran satisfacción de asistir a actos, un deles de carácter relixioso e outros, na súa querida Paradela, na honra e homenaxe da súa persoa. E agora tamén este de prologar o XVI Certame éncheme de satisfacción.

Pero aínda hai un terceiro desexo, obxecto sempre primordial en todas as miñas aportacións de tipoloxía cultural, desexo que unha vez máis agora cumpro. E é este o da miña gran ilusión de divulgar a nosa cultura e noso patrimonio histórico-arqueolóxico. E, formando parte dese patrimonio, están tamén os nosos personaxes singulares, como neste caso o é o noso amigo Manuel-Oreste. Tan singular personaxe que, no noso contorno cultural, ocupa un moi distinguido lugar. E máis agora que tan ilusionada está a nosa actual sociedade por revivir e consolidar a nosa memoria histórica.

Así pois, poder expresar aquí todos estes sentimentos, neste XVI Certame Literario, é para min unha honra que moito agradezo á familia de Manuel-Oreste e, neste caso meu, especialmente representada polo seu fillo Santiago.

Jaime Delgado Gómez

# XVI Edición do Certame Literario

## Manuel-Oreste Rodríguez López.

---

*O Concello de Paradelas, co obxectivo de potencia-la creación literaria,  
convoca o XVI certame literario:*

**PRIMEIRA:** Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todo os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade..

**SEGUNDA:** Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo. Deberán ser orixinais, inéditas, non premiadas en calquera outro tipo de concurso e estar escritas en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

**TERCEIRA:** Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil dez. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

**CONCELLO DE PARADELA**  
**Certame Literario**  
**(Modalidade Poesía / Narrativa)**  
**Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15**  
**27611 Paradelas (Lugo)**

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es), deberán enviarse dous arquivos, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

### **CUARTA:** Premios.

Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de poesía e outro de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de narrativa.

O xurado resérvase a facultade de conceder os accesits (carentes de dotación económica), que estime oportunos.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

### **QUINTA:** Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de abril de 2011 e farase público polos medios de comunicación; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

### **SEXTA:** Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2010.

### **SÉTIMA:** Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.



---

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e nove de abril de dous mil once, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. José Carlos Rodríguez Andina (Xefe Territorial de Lugo da Consellería de Cultura e Turismo); D.Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Grego); D.Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación provincial de Cultura e Deporte); e D. Xavier Rodríguez Barrio (escritor) como vogais; e D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeuse a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo Certame Literario dende a súa creación, cumprindo a súa XVI edición, orixinando un balance altamente positivo, tendo en conta a dotación económica do premio e o carácter de pequeno municipio rural do Concello.

Nesta XVI edición, presentáronse un total de 158 obras, 72 na categoría de poesía e 86 en narrativa. Das 72 obras na categoría de poesía, 42 están escritas en castelán e 30 en galego. No apartado de narrativa, das 86 obras, 26 foron escritas en galego e 60 en castelán.

Resaltar o feito de que a maior parte das obras foron presentadas a través de medios telemáticos, o que se traduce na evolución do Certame cos tempos que corren e o esforzo do Concello en facilitar aos autores os medios de presentación das súas creacións.

Suliñar o destacado incremento de obras presentadas en lingua galega, en ambas categorías e a dificultade do xurado, pola cantidade e a alta calidade das obras presentadas, como se ve na importancia dos distintos escritores premiados ao longo da vida do Certame e no feito de que na categoría de poesía concédense tres accesits nesta XVI Edición, cando habitualmente só se concedían dous.

# Fallo do xurado

## Acta de constitución

### “XVI Edición Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

---

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de POESÍA, á obra presentada baixo o lema BEMBO, titulada PEQUENO ALMORZO. Aberto o sobre comprobouse que a obra pertence a Beatriz Lorenzo de Ourense.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar tres Accésit no apartado de POESÍA.

- Accésit, á obra presentada baixo o lema GAGARIN, titulada HIMNO Y LAMENTACIÓN DEL HOMBRE CÓSMICO. Aberto o sobre comprobouse que a obra pertence a José María Calo, natural de Santiago e residente en Zaragoza.
- Accésit, á obra presentada baixo o lema O MÁIS SAGRADO E MÁIS TI, titulada SAGRADO É. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a Pablo Núñez González de Lugo.
- Accésit, á obra presentada baixo o lema BIRIMBAO, titulada O CANTAR DE PARADELA. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a Marcial González Vigo de Lugo.

SEGUNDO.- Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra presentada baixo o lema CAMINANTES NOCTURNOS DE GULÚ, titulada CAMINANTES NOCTURNOS DE GULÚ. Aberto o sobre comprobouse que a obra pertence a Xosé Manuel Dopazo Mella, de San Fins de Sales –Vedra.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de NARRATIVA

- Accésit, á obra presentada baixo o lema Os DO ROXO, co título OS NÓS DA MADEIRA. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a Clara Isabel Rodríguez Giraldez (Clara do Roxo) de Vigo.
- Accésit, á obra presentada baixo o lema AGOSTADO DA TOGA, título AUTOBIOGRAFÍA DUN DIFUNTO. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a Francisco Rozados Rivas de Forcarei.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradelas na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.



## **Beatriz Lorenzo**

Nacín en Ourense en 1982. Estudiei Xornalismo e Dereito e actualmente dirixo a publicación online falaRSE especializada en RSE e Sostibilidade.

Teño acadado diversos galardóns literarios, como o I Premio A Peneira de Novela Curta, o Francisco Fernández del Riego, Ánxel Fole e accésit no Francisco Añón de poesía, o 1º Premio de Relatos da Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo en 2011 ou o 1º Premio Poemas Sin Rostro de Canal Literatura, tamén en 2011.

# Pequeno almoço

Beatriz Lorenzo

---

A Jorge

## LEITE

Quéresme quente.

Quéresme fumegante e sen azucre

nin biscoitos-esponxa a se inmolar en faragullas

*-ti, que rillarías gozoso nas dedas-óso do Hansel na gaiola-*

e queres a dozura das galletas-areola con pezón de améndoa

para acabar aldraxándome en feridas confeitadas.

Disque me queres coa tona grosa

para soprar burbullas cos beizos esfolados

e ata queres lambelas no ar despois de que estoupan

así coma quen lambe a dor despois de outorgada

(case con vergoña).

Quéresme imborrable.

Quéresme así para ter bigodes de gato fero

*-Ti, que sorris coma o de Cheshire entre duquesas degoladas-*

e ata me queres para afogar atónito

entre as pingas que se encoran no teu papo

en pozas fondas onde eu calmo a miña sede

de Gaia irada.

Quéresme recén muxida

desaugada en corgos de cardume e estrelas detidas

e ata me queres co sabor das secundinas das fadas

*-Ti, que namorarías ás dos Grimm con redomas rebordantes-*

ou das linguas das labercas que bailan na alborada  
e gárdasme no padal con cobiza de voire  
e non me tragas.

Quéresme en fin abondosa  
prolixa en ríos quentísimos e mestos  
e ata queres océanos de burbullas desluadas  
*-Ti, que te matarías co Simbad por lle roubar a illa-*  
e queres que deixe na terra ulleiros altivos  
de lamáchega atordada.

Pois velaquí me tes: cabra Amaltea coroada  
(pinga a pinga)  
seos heroicos de Hera  
(pendurados)  
leitos de leite desenfreada e xusta  
valquiria no camiño do Valhalla.



PAN

Téñote calmoso e latexante  
nun alentar sombrizo de febre e abruño  
téñote meniño adormecido entre herba moura.  
Eres broa.

E téñote tamén en fornadas impostoras  
*-Eu, que te chimpei en faragullas para lembrar o camiño da casa-*  
e en padas de fariña desdobrada.  
Farelo eres mergullado en min.

Téñote en mapoulas aballoadas  
nun queresme-non-me-quieres de faragullas  
de fígado (non de corazón) a desfacerse moi miúdo.  
Estás pantrigo.

Téñote as máis das veces en moas pesadísimas  
nun sorriso aqueloutrado de moas maldicentes  
nun rodicio covarde de foulas e borralla  
*-Eu, que non fun fidalga dabondo para loitar cos xigantes-*  
e ata te teño en peneiras envisgadas.  
Meu maínzo.

Téñote en lareiras dóciles  
aburado en lapas esfameadas  
*-Eu, que me crin Geppeto para inventarte dende a nada-*  
e ata te teño entre uceiras e alustres  
en montonciños de masa envisgada.

Téñote en fin en ostias de arxila  
en guerreiros dacabalo de crisálidas .  
Téñote en chuchameles aveseados.

Engúlote en fogazas consagradas.

MEL

*"Rien ne ressemble à une âme comme une abeille,  
elle va de fleur en fleur comme une âme d'étoile en étoile,  
et elle rapporte le miel comme l'âme rapporte la lumière"*  
(Victor Hugo, Quatre-Vingt-Treize)


Estamos amigo cos ventres abertos de néctar  
cos ventres de vísceras frutais e recedentes.  
Estamos fungando en panais fanáticos  
nunha diáspole con ritmo de polonesa.

Estamos amor illados en Tian'anmens concéntricos  
morrendo a cada intre  
-Nós, que xamais estivemos feitos para as bocas dos asnos-  
cercados por teimosos exércitos de alabastro.  
Estamos amado esmorecendo antes das vodas  
nun valse acompasado de pedregullos  
-Nós, aguillados por mor de Mendel en Brno-  
estamos narcotizados por milleiros de larvas

Estamos esposo enguruñados nas vísceras dos touros de Aristeo  
soprando no ar óboes de ónice  
-Nós, Honigbienen-  
Urrando cos ourioles no nordés irado.

Estamos de fel  
e agardamos.

# Himno y lamentación



## JOSÉ Mª LÓPEZ CALO

- Nombre literario: JOSÉ Mª CALO (mi firma literaria en todas mis obras editadas)

- Lugar y fecha de nacimiento: Santiago de Compostela, 13-4-46

- Lugar y fecha de residencia: ZARAGOZA

### 1.-OBRA EDITADA:

#### POESÍA:

- Diálogo Invertebrado - Col. Poemas – Zaragoza, 1.968
- Ujida del Angel - Col. San Jorge – Zaragoza, 1.983
- El ciprés y la Novia / Risala del Amor Ausente - Ed. Campzar – Zaragoza, 1.987

#### ANTOLOGÍAS:

- Poemas a viva voz II- Antología y plica individual - Col. San Jorge – Zaragoza, 1.989

#### NARRATIVA:

- Hadit del Caballero Templario- Ed.Obelisco – Barcelona, 2.001

### 2.-PREMIOS:

- Poesía Hispanoam. Universitaria, 1.966: Primer premio
- Poema de Amor Amantes de Teruel, 1.970: Mención de Honor
- San Jorge de Poesía, 1.983: Primer premio
- Villa de Benasque, 1.986: Primer premio
- Fernando Rielo 1.983, 1.984 y 1.993: Finalista
- Villa de Benasque de Poesía/Aut. Arag.- 2.007: Primer premio
- XXIX Prem. Int. de Poesía CIUDAD DE MELILLA, 2.007: Finalista
- I Prem. OROLA de VIVENCIAS, 2007: Selecc. para publicación
- II Conc. Int. de HAIKU Univ. de Albacete, 2007: Selecc. para publicación
- XIII Certamen Manuel-Oreste Rodríguez López, 2.007: Primer accésit de poesía por "O CORVO".
- XXXII Premio Internacional de Poesía 'Ciudad de Melilla', 2.010: Finalista

3.-OBRA INÉDITA: Unos 22 libros de poesía -de ellos, uno en gallego- y 3 de relatos.

# *del hombre cósmico*

*José M. López Calo*

---

## I

Hubo un tiempo de paisajes poblándonos de tierra las entrañas,  
cuando la luz solar nos carcomía el alma de los huesos; y los árboles  
se alzaban verticales contra un cielo más real que nuestro miedo.  
Un tiempo en que la vida nos manaba desde el pecho, como un río sin cauce,  
rompiendo el horizonte del mar.

## II

Entonces aún sabíamos del llanto con que pueden nutrirse las estrellas.  
Nos cabía la esperanza en una mano y la luz más difusa en la retina.  
Aún no eran nuestros pasos un giro helicoidal, terco como un período,  
y era posible desconocer la hora de la muerte -hermana del silencio  
y la noche-  
fuerte, como los astros, en su enorme arquitectura  
y dura su consistencia en nuestra mente atónita.

Caminábamos apoyándonos los unos en los otros. Amándonos la sombra  
con ternura ilimitada.  
Podíamos palparle al dolor todos los ángulos. Saborear una tristeza,  
que era nuestra,  
y transmitirla en patrimonio. Luchar  
por tenerla tan cerca que inundara nuestra sangre, se ventilara en los pulmones,  
saltara a nuestros labios hecha voz y palabra. Dejarla confinada  
en los estrechos límites del corazón  
o bombearla, en latidos armoniosos, por toda la geografía corporal.

## III

Entonces nuestro lecho era la piedra. Había un lugar para todos los muertos  
de la Tierra,  
donde dormir abrazados a la mágica humedad de sus oscuros lazos. Y lugar  
para que todos los vivos pudiéramos amarnos más de cerca.

Y dios comprendía nuestra pobre buena voluntad; nuestra pequeña mala voluntad; el no querer hacer; el hacer mal. -El tiernísimo mal de cada día sin pan.-  
Acariciaba con sus manos nuestra mortal herida y sembraba su amor en los sentidos,  
proyectando su luz en nuestros sueños.

#### IV

Hoy nos arden los átomos; se multiplican los planetas. Y la tumba universal que nos cobija  
se ha vuelto tan estrecha que nos ata la memoria.  
Cosmonautas, en soledad, de nuestra propia vida, recorremos el vacío total disueltos nuestros huesos en la saliva cósmica de todas las galaxias.  
Erguidos, como firmes atalayas, cabalgamos nuestra desorientación abismal, girando entre las órbitas vacías de mundos sepultados. Huyendo a miles de años-luz de nuestra vieja piel con la que tanto hemos hablado.

Cambiando el más humilde acento de los nombres por cifras sin color.  
Helando la fecunda esperanza de las madres y despreciando el humus que nos hizo existir.  
Alzándole una cruz a los gusanos que habitaron la frontera de los cuerpos; robándoles la muerte que les dimos.

#### V

Hoy roemos el insípido pan de algas que nuestros sabios biólogos cultivan.  
Soportamos la vida infaliblemente programado en nuestros ordenadores electrónicos y, al sentirse cansada nuestra máquina humana de jugar al superhombre, elegimos el desierto final de los espacios siderales como un sueño de hielo en el paréntesis de un tiempo que no existe  
porque la muerte ha huido más allá de nuestros límites. Porque hemos rebasado el umbral absoluto  
y no queda lugar para empezar de nuevo a ser humanos.

Y hay un dios acechando cada uno de los resquicios de nuestra inhumana perfección,  
para poder amarnos la debilidad. Para sostener la incierta densidad de nuestros ojos telescópicos  
cada vez que el enorme edificio planetario se nos viene a los pies.

# *Himno y lamentación del hombre cósmico*

y VI

Hay un dios que suplica a nuestras máquinas -seguras,  
perfectísimas-  
que detengan su marcha cibernética y aborten el futuro que nos han destinado.  
Un dios, inútilmente arrinconado en su destierro, que contempla a sus hijos  
inevitavelmente encadenados a esta vida artificial que les destruye  
las imperfectas células humanas...¡tan humanas!

≠

José M<sup>a</sup> Calo





**Pablo Núñez** es escritor, funcionario de la Xunta de Galicia desde el 2002, administración en la que ejerce diversos puestos en las Consellerías de Educación y Ordenación Universitaria, Medio Rural, y Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia.

Apasionado por las grandes civilizaciones, en especial por la romana y la celta, raíces de su Galicia natal.

Con su primera novela, *“Las hijas del César”*, es seleccionado entre los finalistas del Premio Planeta de Novela 2006 (55ª Edición), de la que hasta hoy en día se han publicado cinco ediciones, más una en gallego. (El Andén 2008)

En 2010 ve la luz su segunda obra *“Ladrones de historia”* (Alrevès), actualmente en las librerías de toda España y ya presente en libro electrónico (ebook). De *“Ladrones de historia”* se han publicado ya dos ediciones.

Colaborador habitual en medios de comunicación gallegos como articulista, actualmente La Voz de Galicia. Ha participado en numerosas publicaciones y obras colectivas, entre ellas: *“Mato sono lo”* (Fundación Manuel María 2009), *“El Juli, natural(mente)”* – (Imagineediciones 2010) de Cristina Padín Barca, *“Se lo dije a la noche. Poemario traducido a todas las lenguas ibéricas”* (Ediciones Beta 2011) coordinado por Juan Carlos García Hoyuelos. En 2010 gana el Premio Begonte de Periodismo con su artículo *“Begonte, belén infinito”* publicado en El Progreso y Galicia Dixital. En 2011, accésit en el Premio de Poesía Manuel Oreste convocado polo Concello de Paradelas con su poema *“Sagrado é”*, en una de sus primeras incursiones como poeta.

# Sagrado é

Pablo Núñez

---

Todas as agullas refulxentes dos nosos piñeiros,  
todos os grans de area das nosas praias,  
todas as pingas de néboa nas nosas fragas,  
o voar de cada andoriña,  
o canto de cada paspallás,  
son sagrados para o meu pobo.

Cada folla limpa e verde dos meus carballos,  
cada onda do mar das miñas costas,  
cada pinga da choiva do mes de abril,  
o voo de cada gaivota,  
a cántiga de cada paxaro peto,  
son sagrados para o meu pobo.

Todos os toros fortes dos nosos castiñeiros,  
cada suor da fronte dos meus mariños,  
todas as retortas dos nosos ríos,  
o voar rexio das aguias,  
o cantar de cada cuco na primavera,  
son sagrados para o meu pobo.

Cada póla das miñas árbores,  
todos os peixes dos nosos mares,  
cada troita dos meus regatos,  
o voo dos falcóns,  
a cántiga de calquera paxaro galego  
son sagrados para o meu pobo.

“AUSENCIAS”

Noite sen lúa,  
choro a túa ausencia,  
chegan as sombras.  
Ausencia dos teus ollos, das túas mans,  
cheíño o corazón, cheíño de amor,  
mar das ausencias, baleiro estou.

Se os anxiños te chamasen,  
que loucura, que paixón,  
cegarían os seus ollos estes cantares de amor.  
Soños, e soñando neles ti,  
cando os ollos perden vida  
chegas ti para vivir.

Xa non hai tristura, xa non hai máis dor,  
nunca esqueces a túa cita,  
xa estás ao meu carón, feliz son.  
Se as meigas conxuro fixesen,  
non atoparían mellor,  
es deusa, es amor.

E co chegar da mañanciña,  
o olor dos teus cabelos  
envía lonxe á noite meiga.  
E outro día á túa beira,  
que tenrura, feliz son,  
non te vaias, vive sempre, meu amor.

“XUNTOS”

Xuntemos as mans,  
que sintes?  
Busca nos meus ollos,  
que ves?  
Aínda é moi cedo,  
non durmas,  
soñarás ao meu carón,  
que soños?

Un bico ao pechar os ollíños,  
nunca falta ese bico,  
sen el non vivo,  
sen el non son.

Choros! Temos compañía,  
alí está ela,  
ela é túa, ela é miña,  
non eramos dous? Xa non.  
Tres corazóns, tres almas,  
un mesmo sentir,  
un mesmo querer,  
tres para sempre.

E ao amencer?  
Xa non hai choros,  
agora son berros,  
agora sorrisos.

Non é fermoso?  
Dous máis ela,  
xuntos e ledos,  
bendita ledicia.



**Biografía de Marcial González Vigo, recollida de [galiadixital.com](http://galiadixital.com).**

Marcial González Vigo, Radiofonista

**Lugar de Nacemento:** San Andrés de Veá - A Estrada (Pontevedra)

**Curriculum:**

Desde 1969, traballou en Radio Popular de Lugo, destacando o programa de actualidade provincial *"A Carón"*. Anteriormente traballara en varias emisoras da Cadena SER, en distintas cidades de España. Foi delegado en Lugo de La Región de Ourense e colaborou en Televisión Española en Galicia.

**Obras realizadas:**

Publicou os seguintes libros: *'El Dios de Roma que lloró por Lugo'* (1979); *'Salou, novia del mar'* (1980); *'Medio cento de galegos e Rosalía'* (1983), (os tres corresponden a guións de radio en colaboración con Xulio Xiz, publicados os dous primeiros por Radio Popular de Lugo e o terceiro por Edicións Celta). Ten publicados os libros *'Terras de Lugo'* (1994); *'Terras de Lugo, O libro da cidade e das parroquias do concello de Lugo'* (1998) *'Terras do concello de Lugo'* (2005) e *"Cantigas da Fonte Arcada"* (2008).

Colaborou no periódico *"Terra Cha"* da Fundación Terra Cha. Encargándose da elaboración das páxinas do Concello da Pastoriza.

**Otros datos de posible interese:**

En 1985 foi galardoado co **Premio Galicia de Xornalismo**. Entre 1976 y 1982 conquistou máis de vinte premios radiofónicos nacionais e internacionais (en colaboración con Xulio Xiz), salientando: *Premio Internacional de Radio del Bimilenario de Lugo*, *Premio Nacional de Radio y TV Ciudad de Salou*, *Premio Nacional de Radio de la Cruzada de Protección Ocular*, *Mejor Programa Radiofónico* (en tres ocasións) e *Mejor Actividad Radiofónica en los Óscar de Oro de la Comunicación*, *Premio Nacional U.N.D.A. de Radio Católica*, *Premio Nacional del Instituto Nacional de Denominaciones de Origen*, *Premio Nacional de Turismo "La Mancha"*, *Premio Nacional de Radio del Servicio Nacional de Loterías*, *Premio Cambrils de Periodismo*, *Premio Mundial de Radio y TV "Mallorca"*, *Premio Nacional de Radio de la Cruzada de Protección Ocular*, *Premio Nacional de Radio Rosalía de Castro* e *Premio Nacional de Radio sobre Donación de Sangre (Ministerio de Sanidad)*.

# *O cantar de Paradela*

*Marcial González Vigo*

---

## 1

Paradela, ai, Paradela!,  
Paradela sodes tres  
con distinta advocación:  
Santalla, Santa Cristina  
e San Vicente, santón.  
Non me perdades a Pacios,  
que é soño dos soños bos.  
Que a feira de Pacios é,  
sonada polo arredor.  
E o seu patrón, San Miguel,  
o arcanxo anunciador,  
está rosmando no baixo,  
moi enfadado o señor,  
porque lle roubaron Pacios  
sen saber moito a razón.

Paradela, é toda a terra,  
arte na pedra de lei,  
con dezaioito señoras:  
un cento e cincuenta e seis.

Aldeas, cantas aldeas:  
cento cincuenta máis seis!.  
Dous ríos grandes, preñados,  
violados ó revés.

Vagares de moito trato  
con muíños de moas crechas.  
Cantares que reverdecen  
no rebulir dunha festa.

E os barqueiros, señores,  
amigos de boa cerna.  
E se me apurades moito,  
darei a lúa completa:

O que contén Paradela  
non se leva nunha cesta,  
aínda que sexa máis grande  
do que foi o mundo celta.

2

Estou recluso e perdido  
por collela nun pespunte!  
De Andreade ata Suar,  
de Loio a Vilaragunte.

Andar, andar, por Barán,  
polas Cortes e Ferreiros,  
pola Laxe e a de Castro  
e baixar a San Facundo.

Ir á feira, ¿non hai feira?  
Se non hai é o de menos  
que o caso e subir, subir,  
a Castro de Rei de Lemos.

Chamar á porta, en Matanzas,  
e soñar que está Emilio.  
Aí, que me quedo sen forzas,  
despois de escribir o escrito!

Mais voume, non entreteño,  
teño que brindar por dentro,  
en Foilebar, na do Espiño,  
na mesma Mosteiro Vello.

Saberás como te estimo,  
saberás canto che quero!

E sigo, por Acevedo,  
a San Martiño de Castro,  
que por faltar, falta un mundo!,  
outra Castro aínda me falta.

Fino coma un alabastro,  
irei, louzán, irredento;  
que no pensamento levo  
pingas do meu pensamento.

Estou xa na Uceira Branca,  
irei á Lama Tapada.  
Despois ás mámoas de lonxe,  
ós loureiros que floraban.

E sigo á teima con Pacios!

**3**

¿Causa de historia, o vencello?  
Eu creo que teño en min  
ansia de suspiro vello.

Todo é Paradela, si;

en Pacios temos os símbolos.  
Faleceron trinta e oito,  
naceron nove meniños.

Mais, Paradela, que é terra,  
antiga, nova e vizosa,  
gozará doutra colleita  
en arboriñas preciosas.

...E Pacios segue no mapa  
cun asterisco pequeno.  
Aldosende, é Aldosende,  
onde mora o carpinteiro.

Barán, A Mámoa e A Torre,  
asunto do meu contento.  
Os muíños rúan, bonitos,  
moendo os aires do tempo.

Todo é, Paradela, en si,  
terra dos coñecementos.





## **Xosé Manuel Dopazo Mella**

(San Fins de Sales, Vedra, 1975).

Profesor de Lingua Castelá e Literatura. Adícase tamén á formación do profesorado. Foi galardoado co primeiro premio “Experiencias didácticas co xornal na aula 2011”, convocado por La Voz de Galicia. Escribe moi ocasionalmente. Entre os premios acadados como narrador destacan o primeiro premio Minerva, o primeiro premio Na Vangarda da Xunta de Galicia e unha mención no Modesto Rodríguez Figueiredo.

# *Camiñantes nocturnos de Gulu*

Xosé Manuel Dopazo Mella

---

*-Seguramente poderá vostede facelo. Un neno podería gobernar o barco nun mar tan tranquilo.*

*O home murmurou:*

*-Si. Un neno san.*

*Joseph Conrad, A liña de sombra.*

Foi ao falar de Martin Sheen cando, repentinamente, me veu á memoria a única e milagrosa fotografía que a miña irmá Pamela conseguira conservar da súa infancia. Contemplantos aquela fotografía por vez primeira, aos meus doce anos, foi o momento máis impresionante da miña vida. Vivira aquela experiencia desde unha percepción de irrealidade que hoxe me avergoña un pouco. Todo me parecera distinto, alleo. A primeira e vigorosa nota de irrealidade viña do propio material da foto: un cartón engruñado, vello e sucio, dobrado e redobrado ata formar un diminuto bloque de papel no que parecía imposible que puidese quedar estampada unha imaxe. Non menos irreal foi o coidadoso proceso mediante o que meu pai, como se fose un ilusionista, desdobrava o cartón ante min para poñerme a fotografía diante dos ollos. Parecía que a fotografía lle arrancara a vida á realidade que representaba, e agora lembro que algunhas tribos non queren saír en fotos porque pensan que a cámara lles arrebatara a alma. No primeiro no que me fixei foi na xirafa, inexpresiva e plana. A súa estraña presenza acaparaba o fondo da imaxe. Alta e rotunda, o seu corpo emerxía con excesiva solidez entre as herbas da sabana ata chegar ás polas das árbores, que ocupaban desproporcionadamente a parte superior da imaxe. E debaixo das polas e das súas follas mecánicas estaba ela: o corpo miúdo de cinco anos, a pel negra e os ollos apagados. Estaba sentada debilmente nunha vella cadeira. Un desacougante baleiro abríase entre o remate da tea da súa saia e o chan. “Xaquín, esta é Pamela, a túa irmá. Pronto chegará de Uganda”, acabou dicindo meu pai.

Foi a hospitaleira do albergue a primeira que mencionou o nome de Martin Sheen: nada máis descargar dos nosos lombos as mochilas, díxonos impetuosamente que esa mañá pasaran por alí Martin Sheen, o seu fillo Emilio Estévez e todo o equipo da rodaxe de *The Way*, unha historia ambientada no Camiño de Santiago.

-¡Asegúrolles que é certo! ¡Miren as fotos no portátil!

Nin eu nin Pamela dubidáramos de que fose certo: sabíamos que Martin Sheen andaba polo Camiño, aínda que non pensabamos que estivese xa pola

zona de León. Nalgún momento dalgunha etapa xa faláramos de que a coincidencia da nosa viaxe coa do actor non era moi beneficiosa para os propósitos de Pamela: estaba claro que non escolleramos as datas máis axeitadas. Pero agora xa estaba. Mentres víamos as fotos, Pamela exclamou polo baixo:

-O capitán Willard en persoa.

Así era. Acababa de pasar polo albergue de Santa Catalina de Somoza o protagonista de *Apocalypse Now*. A película que conta unha viaxe cara o horror, cara as escuridades da selva na que o entolecido coronel Kurtz impoñía a súa sádica barbarie. Ao capitán Willard encargáraselle a misión de atopar a Kurtz e devolvelo á cordura.

Eu, claro, tamén tiña que facer a miña contribución cinéfila:

-Así que pasou por aquí Jet Barlett, o presidente dos Estados Unidos.

A referencia que ofrecín non era tan coñecida como a de miña irmá, pero o certo é que unha das miñas series preferidas é *A ala oeste da Casa Branca*, na que Martin Sheen é un presidente tan idealista e extraordinario como irreal e nunca visto.

Faláramos do capitán Willard e de Jet Barlett, non de Martin Sheen, e por iso me lembrei da fotografía. Só anos despois da primeira vez que a vin me decatei de que tanto a xirafa coma a vexetación estaban pintadas nunha tea que facía de fondo. O que a min me parecera que era unha xirafa non era máis ca un debuxo dunha especie de manequín de xirafa, e o que me parecera a inconfundible vexetación africana non eran máis ca unhas antinaturais pinceladas feitas a escuadra e cartabón. Unha África de debuxos animados que suplantaba á África real. Cando aquí, antigamente, se empregaban teas para os fondos dos retratos sempre se buscaban imaxes idílicas e inaccesibles: xardíns versallescos, pazos luxosos, mobles rococós... En Uganda o inaccesible é o que parece cotiá, o que parece estar á volta da esquina: herba, polas, xirafas. A verdadeira realidade está tan manchada de sangue que é preciso cubri-la cunha tea que non clama máis que pola prateira normalidade da herba. Por iso estábamos facendo o Camiño. Había que nos facer volver á realidade.

Pamela deixara a mochila e os seus dous caxatos a carón da mesa da hostaleira, e esta aproveitou para sacar a ficha na que se recollen os datos dos peregrinos. Fíxonos a pregunta habitual.

-Díganme: ¿chegaron a Santa Catalina a pé ou empregaron outros medios?

Pamela, coma nas ocasións anteriores, vacilou. Non sabía moi ben que contestar.

Subimos e acomodámonos nas liteiras. O noso descanso nos albergues era de noites moi breves. Erguíámonos ás tres da mañá, no frío de outubro,

para retomar o Camiño. “Non te queixes”, dicía Pamela, “deberíamos erguer-nos aínda dúas horas antes”. Eran cinco horas de andaina no medio da noite que Pamela inauguraba sempre coa frase “ninguén nos persegue”. En Castela e en Uganda a noite existe máis ca noutros sitios, precisamente porque é menos noite, porque se deixa ver. En Castela e en Uganda o ceo emparréllase harmoniosamente á chaira despexada, déixase caer con amabilidade sobre os leves outeiros e debuxa os perfís da realidade cun trazo luminoso e refulxente. Unha torre medieval, unha árbore da sabana. Así, para os camiñantes nocturnos de Castela, para nós, a noite é atenta: esvaece as sombras, abre as siluetas do Camiño, permite albiscar os ademáns dos corpos e os xestos das facianas. Porén, e por iso estamos aquí, para os camiñantes nocturnos de Uganda unha noite refulxente é delatora. Desde hai vinte anos as noites de Uganda son para que os nenos fuxan do Exército de Resistencia do Señor. Abandonan furtivamente os indefensos campos de Acholi e fan etapas nocturnas de dez, vinte ou trinta quilómetros para chegar aos refuxios da cidade de Gulu. Alí non corren tanto risco de ser secuestrados, e as súas orellas, os seus brazos, as súas pernas, non corren tanto risco de ser amputadas. Pero ocultarse nunha noite brillante nos camiños nus da sabana non é tarefa doada para un neno. Pamela, aos seus cinco anos, non o conseguiu.

Pronto deron as tres. Abandonamos o albergue e ingresamos na noite de Santa Catalina. O frío abrazaba con forza cada unha das pedras das casas e a humidade escorregaba entre as lousas do Camiño. Pero cada nova etapa é unha promesa que dilúe discretamente os egoístas extravíos do ánimo. Nada máis retomar a marcha, Pamela comezou unha nova figuraña. En Burgos, un camiñante holandés ensináralle a Pamela a facer a figura dun peregrino cun fío de arame. A tarefa consistía en ir retorcendo cos dedos o arame, dándolle voltas e reviravoltas ata conseguir unha silueta nítida. Despois cravábase nunha pequena cuncha ou nun taquiño de madeira. Desde entón, Pamela comezaba cada etapa facendo unha figura, e a cada unha delas deixábaas sen unha extremidade. Coa figuraña agasallaba a quen a impresionara durante a etapa. Esa era a promesa do día: a convicción de atopar a alguén que merecese o agasallo.

—¿Sabes? Creo que no fondo non é tan mala cousa que o capitán Willard estea facendo o Camiño ao mesmo tempo que nós. Se o aproveitamos, a xente por fin nos pode facer algo de caso —dixo Pamela mentres gardaba na mochila a figura recentemente nacida.

Desde os albergues nos que rematabamos cada unha das nosas curtas etapas, enviabamos unha nota de prensa ou chamabamos por teléfono aos medios de comunicación da zona. Pero desde a nosa saída en Roncesvalles, só dous xornais de tirada local nos prestaran atención. Desafortunadamente, interesáronse máis pola historia de Pamela que pola historia que Pamela quería contar.

-Dígame, Pamela ¿por que está a facer o Camiño polas noites? -inquiriu a xornalista da primeira reportaxe, acostumada, seguramente, a que o Camiño fose percorrido das máis estafalarias maneiras.

-Se a alguén lle sorprende que unha moza chegada de Uganda faga comodamente o Camiño polas noites, debera sorprenderrlle moito máis que esta mesma noite moitas nenas e nenos do norte de Uganda camiñen para salvar a súa vida. Só quero que a xente coñeza esa realidade, porque parece que a ningún europeo lle interesa moito. Loito por algo nobre. Para iso serve o Camiño de Santiago.

-¿E como fai vostede para orientarse na escuridade?

E ao día seguinte o titular era toda unha derrota: *Pamela Kyoga: a peregrina da lanterna.*

As lanternas éranos cada vez menos necesarias: despois de tantas noites e tantos quilómetros, os ollos xa se afixeran á peculiar escuridade do Camiño. Por exemplo, podía botar a vista atrás e ser capaz de distinguir cada unha das casas de Santa Catalina, que, paso a paso, lentamente, ía quedando máis lonxe. Por exemplo, podía baixar a mirada cara a terra do Camiño e ser capaz de trazar un mapa da súa minuciosa e infinita xeografía, da variada monotonía da terra que pasa ante os ollos atentos a varios fotogramas por segundo: as distintas densidades do po, os regos minúsculos e imprevisibles, a respectuosa presenza das pedras. As viaxes ao interior reclaman o fluír da monotonía, ignoran a exaltación perpetua do grandioso. É a monotonía a que fai avanzar. E así seguíamos avanzando en silencio. Quedábannos uns dez quilómetros para chegar a Rabanal del Camino, final da nosa etapa do día. Pamela pensou novamente en voz alta:

-Se consigo contarllo todo ao capitán Willard, seguro que nos axuda. É imposible que non lle interese a nosa historia.

Era indubidable que Pamela pensara nun plan. Sospeitabamos que cohabitar con Martin Sheen no Camiño ía quitarnos espazo nos medios, pero o certo é que non había nada que nos quitar porque nunca tiveramos ese espazo. E non debera ternos sorprendido. Co segundo xornalista Pamela fora moito máis contundente e dera toda a información posible sen esperar a que lle preguntasen. O xornalista non daba feito a copiar no seu caderno.

-Fago o Camiño porque quero que se coñeza dunha vez en Europa a atroz realidade do norte de Uganda. Un grupo terrorista, O Exército de Resistencia do Señor, secuestra aos nenos das aldeas. Secuestraron a máis de sesenta mil en vinte anos. Os nenos son fáciles de manipular e son adestrados como soldados. As nenas como escravas sexuais. O Exército opera no máis profundo da selva, e só sae dela para matar de maneira sanguinaria. O seu líder é Joseph Kony: un tolo que vai de místico, de líder espiritual. Goza coa violencia. Somete aos nenos secuestrados cortándolles as orellas, desfi-

gurándolles ás caras, facendo que se maten entre eles. É hora de que alguén actúe. Necesitamos axuda. Alguén debe meterse na selva para acabar con todo isto.

-E vostede, ¿como chegou a España? ¿Como fixeron seus pais para adoptala? -interveu o xornalista, empregando aplicadamente a máxima académica de que aos lectores interésalles por riba de todo o que ten que ver con eles.

Non ao día seguinte da entrevista, se non tres días despois vimos no xornal en cuestión unha sección titulada *Anécdotas do Camiño de Santiago*. Traía tres artigos. O primeiro era unha entrevista a un señor que facía o Camiño acompañado pola súa mula. O segundo era unha breve reportaxe sobre unha peña futbolera que facía o Camiño por etapas para agradecer o ascenso do seu equipo. E en terceiro lugar, aparecían uns fragmentos edulcorados da entrevista a Pamela. *Pamela Kyoga: "Fago o Camiño para axudar a África"*. En definitiva, pouco protagonismo nos podía quitar Martin Sheen. Así que intentar falar con Martin Sheen, co capitán Willard, quizais puidese servir de algo. ¿Sería esa a maneira de conseguir a visibilidade? Pamela volveu falar.

-Esta viaxe non era para que se falase de min, se non de todos. Pero parece que non queda máis remedio. Teño que contarlle ao capitán Willard como quedei sen pernas.

A acumulación da noite, o silencio e a monotonía da terra pasando baixo os meus pes propiciaron que, de repente, naquel punto indeterminado entre Santa Catalina e Rabanal, o Camiño convertérase para min nun escenario poboado de certezas. De repente, pareceume que caera a tea que ocultaba a verdadeira realidade. Os pesadelos recorrentes que desasosegaban as noites de Pamela parecían mostráreme de maneira plástica ao meu redor. Vivín, por primeira vez, unha historia que xa coñecía. Nin o frío foi capaz de evitar que, por uns minutos, tivese a certeza de que estaba en Uganda.

Tamén era un camiño, tamén era Pamela, e tamén estaba acompañada de seu irmán maior. Pero o camiño era cara Gulu, Pamela tiña só cinco anos e o seu irmán chamábase Kizza. O ceo e a noite eran os mesmos. Pamela e Kizza, como todos os seráns, xa se despediran da nai e collián o camiño para o refuxio de Gulu. Eran dúas horas de andaina polas imprecisas sendas da sabana. Pero nin eles nin ningún neno quería quedar na aldea: a noite amparaba aos guerreiros do Exército de Resistencia, que podían arrasar inesperadamente calquera aldea e levar a traizón a todos os nenos. Quedar na aldea era arriscado. Mellor estar esperto ou escapar para o refuxio. Así é que a sabana enchíase, échese, de centos de camiñantes nocturnos. Pero o Exército de Joseph Kony sábeo perfectamente.

Pamela e Kizza collen o camiño que descubriron hai unhas noites. Parécelles que ir cos outros rapaces da aldea pode resultar un pouco arriscado: son demasiados e demasiado ruidosos. Presas fáciles. O novo camiño fai que teñan que andar dous ou tres quilómetros máis, pero seguramente paga a pena. Esta noite parece que a claridade dun firmamento despexado gáñalle a partida ás sombras. Os arbustos e as petadas de herba alta espalladas pola chaira vístense dun anil intenso. O que teñen que facer Pamela e Kizza consiste en desprazarse cautelosamente, indo de arbusto e arbusto, aproveitando a densidade da maleza para ocultarse. O único problema é a noite tan clara.

Todo vai ben ata que, dun momento para outro, Pamela cae. Kizza non comprende o que pasa: vai xusto detrás dela e naquel momento andaban lentamente e sen obstáculos. Pero acaba de escoitar o zunir agudo dun repentino tremor do aire. Agáchase para erguer a Pamela. Pamela comeza a laiarse. Kizza sente ao lonxe un estrondo indefinible. Continúa erguendo a Pamela, pero Pamela esvaéceselle entre as mans. Levanta a cabeza, mira ao lonxe e ve varios fachos prendidos que se achegan velozmente cara eles. Xa non hai moito que facer. O Exército de Resistencia do Señor dera con eles.

Mentres os atan cunha corda á cintura, Kizza ve a perna dereita de Pamela enchoupada de sangue: non é capaz de manterse en pé e non fai máis que laiarse. E Kizza sabe que agora comeza outro longo camiño: o que os ía levar da sabana á tolemia da selva. Os seus secuestradores son seis mozos de non máis de vinte anos. Berran histericamente: conseguiron atrapar a dous nenos, coma quen atrapa a un par de coellos.

Kizza non coñece a ninguén que se metera na selva. Pouco falta para que agora o fagan Pamela e el. Sabe que varios nenos das aldeas de Acholi foron secuestrados, pero nunca máis se volveu saber deles. Non sería estraño que algún dos seus secuestradores fose fillo dalgún veciño. Un dos soldados colleu a Pamela e lévaa ás costas. Puxéronlle un cacho da súa propia saia envolvendo a ferida da perna: a bala tronzáralle o músculo. Pamela non deixa de chorar.

O camiño para a selva non existe: hai que construílo a cada momento. Kizza ve como ata os soldados se mostran indecisos e discuten: ningún sabe con exactitude cal é o mellor lugar para abrir unha senda. Tampouco a selva existe: é un magma vexetal tan indefinido que non vai adquirindo unha esencia mensurable para os humanos ata que uns machetazos lle dan forma recoñecible, expurgando minimamente o caos. E existe aínda menos se un penetra nela no morrer da noite. Kizza observa, a un lado e a outro, a tola desmesura da vexetación que os vai comer a el e a Pamela, como xa devorou aos seus secuestradores. Non é fácil saír indemne da tolemia.

Despois de varias horas de camiño, chegan ao corazón das tebras. O día xa se abreira, pero a selva impón a súa dimensión sombría. O campamento do

Exército de Resistencia é dunha simpleza asombrosa: son uns paus de madeira da propia selva suxeitando uns teitos deformes feitos con lonas ou con follas. Están espallados nunha imprecisa porción de selva. Baixo esas tendas de campaña hai nenos e xoves, moitos deles suxeitando uns fusís tan grandes como o seu corpo. Todos os miran pasar e algúns rinse do guerreiro que carga con Pamela. Pamela vai case desmaiada e xa nin sequera chora. O olor é a pólvora e a carne.

Kizza entreve ao fondo, no escaso horizonte que permitía a vexetación, primeiro unha ventá, logo unha porta e, finalmente, unha caseta enteira. Diríxense cara ela. Non era difícil adiviñar que alí estaba Joseph Kony. Defenden a caseta varios nenos armados que, cando os ven chegar, abandonan caoticamente as súas posición para achegarse a Kizza, Pamela e os seus secuestradores. Un deles, rindo pese a ter os beizos mutilados, fai unha estraña manobra coa boca para cuspirlle a Kizza na cara.

-¡Avisade ao xefe! ¡Traémoslle a diversión do almorzo!

Un dos nenos entra na caseta. Ao pouco saen rindo dous militares duns vinte ou vinte e cinco anos. O tempo detense un par de minutos. Non pasa nada. Os secuestradores xa non miran a Kizza e a Pamela. Limítanse a agarrar con forza as cordas coas que os levan. Entón, sae ata o marco da porta un home. Non debera impresionar a ninguén, pero ten unha voz lenta. Ten que ser Kony:

-Escoiteivos. Eu non me divirto. Eu só traballo no nome do noso señor. E así deberíades facer vós.

Pasa revista coa mirada a todos os militares que o rodean. Os seus ollos son dúas esferas dunha brancura copiosa. Medra un silencio desacougante. Kony saca un coitelo do cinto. Descende os tres chanzos e camiña cara Kizza e Pamela, sempre co coitelo na man. Alguén lle di que son irmáns. Primeiro achégase a Pamela, que está tirada no chan. Apálpalle a perna ferida. Achega o coitelo á perna e emprega o seu fío para rasparlle con delicadeza a sangue estiñada. Logo, coa punta do coitelo, remexe no furado feito pola bala. Pamela recobra a conciencia e volve lairse desesperadamente. Kony emite o seu diagnóstico.

-A perniña está esfolada. Non servirá para andar. Pero pode facer que todo o corpo podreza. Menos mal que eu teño o remedio.

Kony incorpórase con gravidade.

-Traédeme o machado.

Kony achégase agora a Kizza. Fálalle con voz agarimosa.

-O noso señor precisa bos guerreiros. E agora quere darche a oportunidade de que o sirvas. Tes que demostrarlle que es un bo guerreiro e tes que darlle as grazas. ¿Que es capaz de facer ti polo noso señor?



Case sen que Kizza se dese conta, o machado está agora entre as súas mans.

-A túa vida vale. As perniñas de túa irmá xa non. Todos os meus guerreiros están apuntándote cos seus fusís. Demóstrame que mereces ser coma eles.

As pedras de Rabanal del Camino son seres vivos. Os ollos postos no Camiño poden comprobar como as pedras fan buratos para fuxir de debaixo da terra, á maneira dos ratos, e buligar a carón dos peregrinos. Logo xúntanse a si mesmas, como se fosen carrolas de uvas, para formar valos e casas que ninguén ocupa. Así as pedras poden levar unha apracible vida en comunidade. Eran as dez da mañá, e xa remataramos outra máis das nosas curtas etapas: só once quilómetros. E, despois de facer varias chamadas co móbil, xa sabiamos que Martin Sheen ía pasar durante a mañá por Rabanal. Vantaxes de camiñar de noite: adiantámoslle ao equipo de rodaxe. Agardabamos sentados no medio da praza do pobo. As casas maragatas tornábanos o frío.

-¿E que lle diremos ao capitán Willard cando chegue? —preguntouse a si mesma Pamela.

-Non te preocupes. A ti non che custará falarlle.

Pasaron un par de horas ata que todo o equipo de *The Way* se presentou na praza de Rabanal, xusto diante de nós. Eu pensei que ía ser algo máis impresionante, pero para ser un equipo de Hollywood a cousa era inesperadamente sinxela e modesta: unhas poucas persoas traballando relaxadamente, sen espaventos, nin apuros, nin nada do outro mundo. Non daba a sensación de que Emilio Estévez estivese dirixindo nin de que Martin Sheen estivese actuando. Todo fluía con absoluta naturalidade. Por iso non nos sorprende tanto como debera que, nun descanso da rodaxe, Martin Sheen se achegase a nós.

-Bo camiño —díxonos, vestido el tamén de peregrino.

Devolvémoslle o saúdo. Sentouse ao noso carón e púxose a contemplar con nós como o ceo ía abrindo decididamente a mañá de Rabanal. Era difícil non pensar que estabamos falando co capitán Willard e co presidente de Estados Unidos.

-¿Que tal vai a rodaxe? —preguntou inevitablemente Pamela co seu correcto inglés.

-Pronto chegaremos a Santiago. Pero é unha rodaxe que non rematará nunca. Afortunadamente —dixo o actor, mentres desviaba a mirada aos pés de Pamela- Desde o lonxe pareceume que levabas algún tipo de ortopedia.

## *Camiñantes nocturnos de Gulu*

Pamela non respondeu. É un tema do que non adoita a falar. E, ata agora, nin sequera o utilizaba para ser escoitada.

-Cando te vinouben que tiñas que ser ti. Algún peregrino me contou durante estes días a túa historia. Tamén me informei sobre Joseph Kony –engadiu Martin Sheen.

Pese aos intentos de Pamela, os camiñantes nocturnos de Gulu non apareceran na prensa. Pero agora sabiamos que, sorprendentemente, estaban na boca dos camiñantes de Santiago, que a súa historia fora de peregrino en peregrino. Non era pouco logro. E iso que Pamela só a contara unha vez nun albergue a unha muller en cadeira de rodas. ¿Cantos peregrinos estarían ao tanto dos nenos de Acholi?

Pamela decidiu desembarazarse por un momento da realidade. Era a súa película.

-Capitán, quixera encargarlle unha misión.

Martin Sheen, o capitán Willard, ergueuse e dixo.

-Estou ás túas ordes.

E, en efecto, o capitán Willard estivo á disposición de Pamela e cumpriu tan ben como puido. Dous días despois do encontro emitíuse a reportaxe de televisión nun programa matinal. Falábase da heroica fazaña de Pamela e facíase referencia de pasada aos camiñantes nocturnos. Todo se acompañaba de imaxes bélicas que os xornalistas tomaran de *Apocalypsis Now*: Kurtz, Vietnam, a selva... Mentres viamos a reportaxe pensei na miña avoa. Cando ceabamos coa televisión prendida, se vía que algunha personaxe morría asasinada polo malo da película, asustábase. Desde a súa inxenuidade, a miña avoa pensaba que o home morrera de verdade, parecíalle que todo era real. Coa reportaxe tiveron a sensación contraria: todo era ficción, todo era irrealdade. Por iso Kurtz podía ser máis detestable ca Kony. Por iso os camiñantes nocturnos de Gulu seguían sendo invisibles. Preferimos cubrir a Kony coa tea na que aparece Kurtz debuxado. E ese é o tipo de fotografías que lle sacamos ao mundo.

Pamela e eu comprendemos, finalmente, que pouco importaban as entrevistas. En todos os albergues polos que pasamos ata chegar a Santiago atopamos dúcias de figuríñas de arame, peregrinos sen un brazo ou sen una perna. Dúcias.



## AUTOBIOGRAFÍA CLARA DO ROXO

Chámome Clara Isabel Rodríguez Giráldez, pero dende hai varios anos adoptei o alcume do meu pai e pasei a asinar todos os meus escritos como Clara do Roxo. Son licenciada en Xeografía e Historia e todo o tempo libre que teño o dedico á miña familia e a escribir, actividade que me fai sentir sempre cos pes un chisco elevados da terra.

Teño vocación e necesidade de escribir dende ben noviña, pero ata o ano 2008 nunca presentara ningunha das miñas escritas a un premio literario. Fíxeno por vez primeira nese ano, no Certame de relatos Mulleres Progresistas de Vigo, acadando o segundo premio co meu relato Surrealidades.

Ese galardón tan importante e inesperado proporcionoume pulos para continuar escribindo e para presentarme a outros premios, acadando no 2009 o 1º Premio Cidade de Mos, o 2º Premio Cultura Quente de Caldas e quedando seleccionado un relato meu para publicación no Premio Modesto R. Figueiredo. No ano 2010 volví gañar o 1º Premio Cidade de Mos, acadei o 1º Premio do Concello de Mugardos, fun Accesit no Modesto R. Figueiredo e publiquei dous relatos na revista Adiala e no Olló Público. No que vai do ano 2011, fun premiada co Accesit do Manuel Oreste de Paradela, co 1º Premio do Café De Catro a Catro, o 3º premio dos Comités Filolóxicos da USC “Voces da Terra”, e co 1º premio do Certame de Relato Manuel Murguía.

A finais do ano 2011 publicarei con Editorial Galaxia unha novela infantil.

# Os nós da madeira

Clara do Roxo

---

O neno andaba a dicir que escoitaba ao Señor do Vento, que lle falaba cando estaba a xogar na bañeira. Que facía tremelucir as luces da lámpada, que nadaba nas ondas da auga e que se escondía nos debuxos da madeira do seu roupeiro.

O meu home botara unha boa gargallada á miña conta cando llo contei preocupada e mesmo esaxerou un aceno de incredulidade. Por el como si falaba con Xesucristo, non había que darlle importancia ás cousas dos rapaces, dicía. Pero eu estaba desacougada porque o neno facía cousas raras e durmía aínda menos ca antes, que xa era pouco. Cada noite ao pasar cara ao meu cuarto para deitarme, estoupábame na face a regaña da luz do chan que delataba ao pequeno aínda esperto. Entón entraba e atopábao cos ollos abertos de par en par papando moscas, mirando á lámpada do teito. Dicía que ollaba as sombras da luz, que vía moverse figuras. Eu preguntaba nun fío de voz case que adiviñando a resposta, que era o que vía. Tremíame o corpo coa súa resposta de que eran xentes que falaban entre eles e un tal Señor do Vento que viña visitalo moitas veces. Quedaba muda e pampa por uns intres antes de querer saber de que falaban. A resposta deixábame mal porque o meu fillo dicía que el non falaba, que só escoitaba e que tiña medo. Degrañada, pedíalle que pechase os ollos e pensase noutra cousa: nos seus amigos, nas vacacións, nos debuxos animados. Pero insistía en que o Señor do Vento non lle deixaba e que tampouco quería que falara con ninguén, nin comigo. Eu marchaba atragoada para a cama despois de calmalo e xa non comentaba nada co meu home porque sabía que ía tomar o tema a risa.

Pero podía-me o medo. O neno era moi fantasioso iso era certo, porén non argallaba ata ao punto de ter pánico das súas propias fantasías... parecíame moito imaxinar para un rapaz de cinco anos. O caso era que cada día estaba mais taciturno, máis tristón, aquel pequecho rebuldeiro todo vitalidade que corría pola casa arrasándoo todo, deixando os lapis de cores chantados no medio dos coxíns dos sofás, os bonecos como *okupas* dos cuartos todos, a roupa espallada nun desorde absoluto, a súa voz atronadora latricando en imaxinarios partidos de fútbol con chapas sobre o chan... aquel mesmo xa non era. Agora estaba medroso e asustadizo, temeroso de cousas que só estaban na súa testa, de xente que el mesmo ideaba, creacións que se volvían na súa contra. Un Señor do Vento que dominaba todo o seu espacio infantil de xogos negándolle cousas, prohibíndolle pensamentos, paralizándoo. E

outros seres que el non sabía definir roldaban polas sombras das portas, polos nós da madeira, enmascarados nas ondas da auga da bañeira, disimulados nos fíos das alfombras. Todo un mundo segredo no que el recalase e que estaba totalmente pechado para min. Encerrado en si mesmo podía pasar horas apampado coa merenda na man, desgano da comida e mesmo dos xogos. Pero sobre todo da fala.

E para o meu desacougo, estaba tamén falto da risa. Daqueles sorrisos de mañá cos que acordaba, das gargalladas escandalosas cando sentía as miñas cóxegas, dos risos espontáneos cando falaba de calquera cousa. Nada diso tiña o meu fillo. E a miña angustia medraba cada día pensando en cousas que non podían ser e que tampouco quería compartir con ninguén. En canto o pequeno saía do colexio, interrogábao, inquiríalle preguntas mil, sondábao inutilmente ata que chegou un momento en que xa non dixo máis palabra por moito que llo pedira ata chorando.

Xa o meu home pensaba que ao neno podía pasarlle algo, aínda que el cría que debía de ser algunha lea cos compañeiros de clase, ou coa profesora. Porén, eu seguía coa miña teima de que o rapaz tiña medo, andaba amedrentado e tanto se apertaba a min co pánico asomando nos seus ollos fuxidíños, como escapaba do meu carón como se lle deran unha orde de súpeto. Cando ocorría isto, non tiña refuxio e andaba cambaleante pola casa toda, sen paraxe. Medo nun curruncho do sofá coas pernas encollidas, terror na cama baixo as sabas, pánico no cuarto dos xoguets onde ía refuxiarse, tal vez pensando que entre as súas cousas atoparía protección. E nada, cando era así non deixaba a ninguén achegarse a el, buscaba algún lugar onde agocharse por estraño que puidese parecer, como o cuarto da lavadora ou a despensa e alí parecía calmar e sucedíalle o tempo quedo e silandeiro ata que saía con aspecto olleiroso e triste. E cada noite escapándolle os ouriños do seu control, polo medo, polo terror.

O primeiro fora falar coa súa profesora, que o notaba calado, moi tranquilo e quizais un chisco taciturno, o que significara en certo xeito un alivio porque xa pensaba que tiña un neno hiperactivo na clase. Segundo ela, o rapaz de súpeto non se facía notar nin para ben nin para mal, facía os seus exercicios e mantiñase sentado na súa cadeira. Apesares de non lle dar importancia, prometeu víxalo nos tempos do recreo, pero a ela parecíalle mais ben que se trataba dun proceso de maduración dentro da infancia.

Eu non saín convencida de nada. Só pensei que non era unha boa educadora se o único que lle importaba era que o neno agora se portaba mellor. Eu sabía que non era ningún proceso de madurez, parira ao meu fillo, sabía como era. E quería recuperalo. O seguinte paso foi levalo ao médico, que o atopou un pouco feble. Non comía. Analíticas que demostraron que tiña ane-

mia, déronlle menciñas para abrir o apetito que non facía máis ca vomitar en canto as tomaba. O pequeno enmagrecía, estaba pálido, esbrancuxado, consumido. Pero por riba de todo iso, tiña medo. Fuxía cos ollos de sitios onde os pousaba por uns segundos. O seu ollar non paraba en ningures porque o asaltaba o pánico de atopar algo ou alguén.

Seguimos coas probas. Máis analíticas, tacs, puncións, non quedaba nada por facer. Descartouse calquera tipo de cancro ou de enfermidade do corazón, tumores cerebrais ou isquemias. O neno non estaba doente. O neno só estaba feble porque non comía ben. Había que intentar por todos os medios meterlle alimento e cada dous días inxectábanlle soro nas venas. Para medrar. Para nada. O neno estaba menos desfalecido pero a fala non lle volvía, nin o riso, nin a ledicia. Nin quería a ninguén ao seu carón. Parecía que perdera unha batalla e esperaba que o levasen a axustizar. O meu pequecho rebuldeiro.

Eu comecei a sentirme nun estado parello ao del, con mil conxecturas na cabeza e cada vez máis certa de que o que lle pasaba ao meu fillo non era normal. O meu home alporizábase todo cando eu dicía estas cousas. Que non fixera películas dicía, que non montara dramas con cousas que non o eran, que o neno estaba malo pero ao fin poríase ben en canto atoparan o que lle pasaba, que non era nada malo de morrer, que tiña de ser algo que se lle pasaba aos médicos e que darían con elo.

Pero non era enfermidade, eu tiño moi claro. Era terror, eran unhas gadoupas invisibles que o tiñan engaiolado. E o meu maxín tamén andaba ofuscado e soñaba con seres que habitaban na súa testa que estaban enfeitizados e inmóbiles, co ollar viaxeiro prendido do infinito. Sen corpo, só cabeza e gadoupas, e ao seu redor mil historias espalladas nun balbordo inmenso. Presos pero ameazantes. Só tiñan o seu maxín, aberto a todo o que escoitaban, ao que ollaban, ao que ulían, ao que sentían. Catro cabezudos mesmo atraeran a un paxaro estraño que pousou na cabeza do mais gordo e que tamén se transformara nun ser quedo e silandeiro que só pensaba en inventar contos e lendas de medo. Os cinco vivían na gaiola con forma de vermes compactos que formaban o cerebro do neno, para o que traballaban a reo cada día imaxinando os seus terrores. E sobre todos eles, capitaneando, o Señor do Vento, dono absoluto do seu ser e da súa vontade.

Estaba a volverme tola.

O que lle pasaba era algo máis forte ca el, algo que xa puidera co seu espírito e agora estaba a acabar co seu corpiño todo pel e osos, macilento e cada- vérico. Xa non deixaba que o apertara, tremía e miraba coma se alguén estivese a prohibirlllo, como se recibise unha ameaza. Caeu na cama, unha enfer-

meira viña agora cada día poñerlle alimento polas pequenas venas que se transparentaban da súa pel translúcida. Eu durmía ao seu carón nun colchón no chan, desfeita polas horas de insomnio, buscando quen lle facía mal, que era o que se agochaba nas esquinas do seu cuarto, tras das sombras ou nos nós da madeira do roupeiro e da porta. Nada.

O silencio escuro caía coma un mazo e desbarataba a miña vixilancia intensiva. E semellaba estar nun relanzo de augas podrecidas con fedor a medo. Figurábame unha ardora que me devolvía o espírito extraviado do meu pequeno, nunha arela angustiosa que me facía espertar de socate. E tampouco comía apenas. O mal durmir, o estar sempre alerta facía que os meus ollos escapasen das súas concas e parecese que eu mesma era un espírito errante pola casa. Arrastraba uns pes que semellaban ser dúas toneladas de chumbo sen decatarme do que pasaba ao meu redor. Xa tampouco falaba e comezaba a ter unha teoría que non compartía con ninguén. A sospeita terrible de que todo o que asustaba ao meu fillo era verdade, era algo tanxible. Xa perdera as ganas de discutir co meu home sobre a orixe da enfermidade do neno. A miña pel tamén comezou a abrazarse aos meus osos, abandonada pola carne. Sempre en garda, sempre expectante.

Unha desas interminables noites nas que vía ao neno en tranto cos ollos moi abertos mirando cara ás portas do seu roupeiro, silandeiro e pálido coma nun cadaleito, pensei en acudir a unha bruxa. A unha meiga desas que coñecen herbas e remedios ancestrais. Enganábame a min mesma. Eu non quería ir por herbas, o que pretendía era saber quen díaño era aquel Espírito do Vento que ameazaba ao pequeno. Non quería crer nesas cousas, nunca crera e sempre antepuxera a razón, os argumentos das cousas. Ata o de agora. Non era que acadase de súpeto nas crenzas na vida do mais aló, ou nos mortos viventes ou en espíritos, pero atopábame nun lugar estraño e sen saída, nun punto no que quería non admitir, mais deixaba que o meu raciocinio deambulase por estraños corredores lonxe da lóxica, case mergullada no límite das crenzas relixiosas nunca antes exploradas, universos vogos de siso, ideas sen xuízo no que apoiarme, costentas abas polas que gabeaba desfeita buscando calquera idea á que aferrarme. Foi entón cando pensei na bruxa ¿Por que non? Oíra falar dunha, pero sempre fóra escéptica con esas cousas e mesmo sorría con displicencia a quen falaba dela como a directora dos seus pasos. Acenaba coas cellas ante eses credos fora de toda explicación. Porén, agora buscaba calquera solución, por incoherente e absurda que puidera parecer. Estaba nunha calexa rematada nun muro de chantóns. Pero podería haber algo polo outro lado aínda que non puidese velo. Intentaría o que fose.

Tiña que ser un segredo. O neno veu comigo, non opuxo resistencia e pareceume raro porque eu estaba tan suxestionada que mesmo chegara a pensar

que o pequeno podería negarse a entrar. Cousas vistas nas películas nas que os díaños e os vampiros que posúen á xente, acadan a súa personalidade e escapan das cruces e dos allos e desas cousas todas. Fora bastante parva en pensar en tal posibilidade porque o pequeno non podía case andar, tiña que levalo no colo coas súas pálpebras violáceas e case transparentes entrepechadas. Ao entrar no cuarto estiven a piques de marchar, vendo que a meiga tiña as paredes empapeladas con cadros da Virxe e de santos varios e un Corazón de Xesús metido nunha campá de cristal cos ollos fosforescentes no medio da escuridade reinante daquela diminuta estancia, tan só iluminada por un cirio nun recuncho ao lado dun vaso con flores. A meiga non daba medo, máis ben tiña pinta de coitada, de boa, de santiña a boa fe. Pensei para min que se a salvación do meu fillo estaba nas súas mans, ía aviada. Pero tamén reflexionei que nada perdía con entrar e que ninguén me obrigaba a volver se non quería, nin a seguir as pautas que ela me dera.

Parecera decatarse do meu escepticismo e faloume dende a sinxeleza máis absoluta. Cando dixo que había mortos que non acadaran o descanso trala morte eu non puiden evitar un aceno de esgotamento porque ese era un tema moi trilado na literatura e nos filmes, pero aínda así continuei escoitando. Ata que falou dun espírito superior que podería gobernar a todos os demais que andarían pululando pola miña casa, e que dominaba a alma do neno ata consumilo e deixalo nese estado lamentable no que se atopaba. Sentín que non estaba onde debía estar cando a muller pasou as súas mans arredor do corpo do pequeno como tirando fora del todo o mal que lle aniñaba dentro. Pechei os ollos pensando que non debía deixala facer iso, que era unha irresponsable, que aquilo era unha tolemia. Pero esperei. A bruxa concluíu que o neno estaba posuído por un espírito moi forte que o dominaba e para inzarme dun terror irracional, engadiu que estaba a piques de posuírme a min. Fiquei branca e espavorecida, co corpo arrepiado. Eu tamén deixara case de falar, e de comer, e de durmir... e de crer na razón. Estaría entolecendo. Nunca fixera caso das cousas paranormais, nin do mundo do mais aló, non era posible que ninguén gobernara o meu ser, agás eu. A muller adiviñou o meu medo e ofreceuse a axudarme, escribiu nunha folla de caderno un remedio estraño de allos con augardente que tiña que deixar durante unha semana a macerar e despois untar os nosos corpos con esa peste fedorenta e pasalo sobre todo polas madeiras e polas fendas das paredes e por debaixo das portas e por todos os sitios polos que o rapaz pousara o seu ollar perdido.

Aquilo era unha tolemia pero según todas as indicacións ás costas do meu home, que protestaba porque fedía a podre, aseguraba que algunha cousa en mal estado quedara agochada por algures e pasaba o seu nariz polas portas dos cuartos onde lle dera de beber o beberaxe aos espíritos. E eu calada por-



que enchoupara coa poción a casa toda, rematando aquel alcatreo insopor-  
table nun medo suxestionado que me facía andar ebria de terror buscando  
algo, espiando as esquinas, a auga que caía das billas, as luces que tremelu-  
cían de máis, os ruídos que se saían do común das tarefas cotiás. Estaba ate-  
rrada, cos sentidos todos postos a traballar a reo.

Ata que unha noite mesmo vin cos meus propios ollos irritados, como os nós  
da madeira do roupeiro saían cara a min semellando pantasma ou espíritos  
decididos a levarse ao meu neno. Din un berro animal, un brado que esna-  
quizou a miña gorxa, e cuspín palabras grosas e entolecidas pedindo aos  
espíritos que deixaran ao meu fillo, que fuxiran da miña casa, que estaba dis-  
posta a todo, que se enfrontaran a min directamente. E lanzaba puñazos con-  
tra as portas do armario e patadas e máis berros e choraba sen parar. O meu  
home sacoume dunha sacudida forte nos brazos da miña loucura, cos ollos  
fóra das órbitas, tremendo e fitando cara ao armario como unha tola.

Derrotara ao Señor do Vento. Ou iso cría. Non tiña corpo, non tiña gadoupas,  
nin cabeza, nin ollos. Estaba agochado dentro dos nós da madeira e nas som-  
bras das luces da lámpada, e na auga da bañeira e nos fíos das alfombras.  
Estaba segura.

Mirei con terror cara ao teito e o alumeo das bombillas non producía som-  
bras. Xirei para abaixo a testa cara ao roupeiro. Desapareceran os nós das  
madeiras todas. Enchín o lavabo ata comprobar que a auga non facía ondas  
estrañas. Movínme fuxidía por todos os cuartos co neno apremado a min  
coma un monicreque sen vida.

O resto non o sei, rematei nunha cama dun hospital e acordei tan relaxada  
como xa non tiña lembranzas. Tranquila e en paz. Pensaba de vagar e pare-  
cíame que estaba tan cansa coma se me deran unha gran tunda. O meu  
home ollaba para min interrogante e eu non tiña respostas que darlle.  
Receaba e non volvíñ quedar soa na casa, sempre había alguén comigo e co  
neno, non me deixaba saír soa aínda que eu xa tampouco o intentaba.  
Facíame compañía unha enfermeira ou alguén da familia. Seica estaba de  
seguido baixo os efectos dos tranquilizantes.

Un día, o neno acordou de súpeto no medio e medio da noite silandeira.  
Chamou por min cunha voceciña longana e feble. Ao principio non me deca-  
taba do que dicía, tanto tempo facía que non emitía son algún. Despois  
pedínlle que repetira e as cordas bucais aclaráronse máis. Trala miña pelexa,  
el tamén se atrevera a loitar co Señor do Vento e conseguira derrotalo. Pediu  
de beber e abrazoume. Agromaba ao fin. O seu psicólogo concluíu que redu-  
cira ao seu maxín descontrolado de neno hiperactivo, de mente prodixiosa en  
soños estraños, de seres imaxinarios que case o volveran tolo. Estaba a facer-

se maior, era un proceso de madurez. E deulle a alta. A súa educadora non estaba tan errada.

O meu home aseguroume que nas madeiras da nosa casa nunca houbera nós. E de certo que agora xa non os había. Nin tremelucían as luces das lámpadas. Nin a auga da bañeira facía debuxos, nin os fíos das alfombras estaban retortos. Todo volvera á normalidade.

Pero hai noites nas que me pode o insomnio e as veces escoito un asubío feble nese entresón que non sei si é conciencia ou inconsciencia e penso que é o Señor do Vento que anda axexando a buscar algún recuncho por onde volver a entrar na casa. E quedo durante días cos sentidos todos alerta, vixilante. Polo que poida pasar. E esas noites vou para a cama do neno e non quito os ollos dos nós da madeira.

Clara do Roxo



## **Francisco Rozados "Rochi"**

Nacido en Forcarei (Pontevedra) no ano 1963, é licenciado en Xeografía e Historia pola universidade de Santiago de Compostela. Foi concelleiro de Cultura do Concello de Forcarei dende 1999 ata 2011. Ten publicadas varias obras de ficción (MEMORIA DE TRASDOMONTE, RAIOLAS NO FAIADO e O BESTIARIO MÁXICO DO ABADE ELISEO) e de ensaio (BIOGRAFÍA DE CHANO PIÑEIRO; ESTUDO ANTROPOLÓXICO DA TERRA DE MONTES; FORCAREI, VERDE SOÑO DE AUGA, CEO E PEDRA; HISTORIA FOTOGRÁFICA DE FORCAREI NO SÉCULO XX). Na actualidade está a preparar unha novela cuxo protagonista é un neno nos anos da postguerra civil de España.

# Autobiografía dun defunto<sup>1</sup>

Francisco Rozados "Rochi"


---

*A eternidade é moi longa, vaite afacendo  
un vampiro a un neófito no film *The addiction*, de Abel Ferrara  
Primeiro ser inmortal, despois morrer...  
"A bout de souffle"*

A miña é unha historia das que se dan en chamar kafkianas, porque nela preséntanse as circunstancias máis estrafalarias que un poida imaxinar. Para algúns tamén podería ter algo de sainete, pero as tristes eventualidades que a continuación relatarei, aínda que poidan inducir a risa, son de natureza máis ben lúgubre e mesmo truculenta.

Eu, en vida, chamábame Rubén Loimil, e crédeme cando vos digo que sei o que é estar morto, porque, aínda que vos pareza insólito, son un friame. Si, xa sei que non resulta moi habitual que un morto escriba –tamén hai moitos vivos que xamais lixaron unha cuartilla, non vaiades pensar–. Eu podo escribir por mor dun estraño fenómeno telepático e metavital que me une cun editor vivo, ou cun vivo editor –léase, en todo caso, dobremente vivo, porque comigo aforra incluso o misérrimo dez por cento de rigor–. Cavilo, matino e esbozo o conto ou a historia que me propoño inmortalizar –¡que fermoso verbo!–, e cando teño rematada esta fase preliminar, el transcribe o que lle vou ditando ó papel, e así enriquecémonos de xeito mutuo, el pecuniariamente e eu na gloria da inmortalidade espiritual, posto que na material xa me resulta imposible.

Estar morto non é, como pensa todo o mundo, estar inactivo ou non poder escoitar a radio o sábado pola noite. É certo que non se pode ver nesta inhumana escuridade, pero iso non é esencial, porque, como ben argüía Saint-Exupéry, o esencial é invisible ós ollos, e o resto ben poderíamos dicir que pouco importa, sobre todo a estas alturas. Estar morto tamén significa non poder mover o corpo, mais un non ten absolutamente ningún problema para poder pensar, imaxinar ou mesmo lembrar. Eu, por pór un caso, lémbrome todos os días da miña *santa* muller. A miña dona, que me tiña un sorprendente e inamovible cariño, mandou esculpir sobre a campa da miña tumba estes inspirados rípios:



---

<sup>1</sup> Paseo pola morte e o amor –e pola morte do amor–, ó fío das opinións de certos reputados autores, con algunha que outra digresión polo camiño.

A humillación non consistiu só neste groseiro epitafio. A maiores, a lercha decidiu que me soterraran coa cabeza cara a abaixo. Deste xeito, pensaría, no caso de que resucitase e me puxese a escaravellar, canto máis afondase máis me aproximaría ó reino de Belcebú –xa en vida, con certa frecuencia, me tiña regalado frases que me terían que facer intuír algo: ¡vajte para o inferno! e ¡se te comeran os demos...! eran das que máis utilizaba–.

Teño por seguro que ha pensar que lle sirvo mellor agora de morto que de vivo, non en van agora cobra a viuvez e aínda lle quedaron de engadido uns xenerosos aforros, pois a miña situación económica era folgada e, se ben os cartos non dan outra cousa, cando menos aseguran a felicidade –incluso entre os bos cristiáns, o diñeiro é o único sacramento que ninguén desexa morrer sen ter recibido–. Probablemente, xa que logo, a miña señora sexa hoxe bastante feliz. E probablemente tampouco faga falta manifestar que, cando eu vivía, se o rostro da miña dona fose un reloxo, o seu sorriso marcaría sempre as oito e vinte. Folga dicir, para rematar unha breve descrición, que os seus bicos semellaban pólizas –o encanto era a súa lei–.

Outra consecuencia, esta menos reconfortante, de estar baixo terra, é unha humidade pertinaz, teimuda e incansable que rela ata os ósos, pero aí está a nosa forza. Como dixo Umbral, a carne é actualidade e o óso é eternidade. ¿Que é eternidade? Cal e fosfato.

Polo demais, non pensedes que me amola moito esta situación, pois sempre teño algo con que matar o tempo –e isto constitúe, en certo modo, unha vinganza, pois foi o tempo quen me matou a min, como vos ha matar a vós, aínda que no meu pasamento, como vos hei contar, houbo outros factores alleos a Cronos–. Teño tempo, mesmo sen estar pendente do reloxo, para filosofar. Senillosa pensaba que, a fin de contas, filosofar era aprender a morrer. Por sorte ou por desgraza, en realidade a milonga é ó revés: morrer é aprender a filosofar, aínda sendo certo, como aclarou *in illo tempore* Cicerón, que toda a vida dos filósofos é unha meditación da morte. Tamén houbo quen dixo que a morte é o país a onde se chega cando se perdeu a memoria. Nada máis afastado da verdade: eu recuperei moita da memoria que perdera en vida. Hai tempo para todo. Neste pixama de piñeiro non hai ocasión de se enfatiar. Por outro lado, tamén me consola saber que xogo no mesmo equipo que Borges, Kundera ou Novoneyra.

Ademais, somos lexión. Lembraba Arthur Clarke, o insigne creador de ficción científica, que detrás de cada un de vós –dos que aínda pagades a hipoteca– hai trinta pantasmas. Seica é a proporción entre os que estades en vida e nós, os que xa pasamos a mellor vida. A nosa fonte, queirádelo ou non –*velis nolis*, que diría o mestre Séneca– non seca.

E insisto en que hai tempo para todo –o tempo dáo Deus e as horas fábrícanas os reloxeiros–. Eu, máis que a outra cousa, dedícome a reflexionar, a cavilar, a lembrar, a profundar... é dicir, a todo o que un pode facer sen ter que

se erguer. Aquí non hai bruscos espertares nin mañás amargas, aquí todo é placidez e concordia. Toda lúa, todo ano, todo día, todo vento camiña e pasa, dixo un día algún poeta inglés que hoxe tamén se atopa por estas escuras paraxes.

Estar morto ten moitas semellanzas con estar durmido. Os gregos xa o sabían, e por iso na súa mitoloxía Thanatos e Hipnos eran irmáns. A miña morte pola contra, xa o veredes máis adiante, foi dolorosamente lúcida.

Seica deixou escrito o ilustre Edmond Rostand –aquele que estreara Cyrano de Bergerac no París de 1897–: “E eu queredía morrer, ó caer dun serán, baixo un claro ceo, cunha fermosa frase nos beizos, por unha boa causa” ¡Vaia, que paradoxo!: eu morrín pola mañaciña cedo, co ceo encapotado, maldicindo en arameo e por unha causa ben ruín.

Hai anos, unha empresa norteamericana de pompas fúnebres anunciaba así os seus servizos: “¿Para que vivir cando por quince dólares lle podemos facer a vostede un enterro magnífico?” Poderíase engadir a ese *slogan*: “¿Que non pode vostede vivir?, pois morre vostede e Santas Pascuas”. Polo visto, resultaba máis económico morrer que vivir. Nos mundos de hoxe, a cousa virou: un pode vivir medianamente ben cunha apañada paguiña se non ten demasiadas ambicións materiais, e, porén, para morrer case cómpre ser un Rockefeller.

Pero en fin, pasemos á historia en si, que xa haberá tempo para máis digresións e rodeos. Tendo eu setenta e sete anos aínda gozaba dunha saúde de ferro, e mesmo tamén –e isto non é cousa desdeñable– dunha saúde erótica envexable ata para un efebo coa casca no cu. A miña dona utilizábame coma un vil e servil obxecto co único obxecto de causar pracer. O meu ferrete en maxestade –todo hai que dicilo, sen a mínima axuda de alquimia venérea– servía para que esta ingrata muller que me tocou en consorte sorte –ten graza a desgraza– suspirase de gozo todas e cada unha das noites que compartimos en vida no leito nupcial. Dito doutro xeito, este que vos fala non deixou nin unha soa noite de cumprir co débito conxugal con méritos máis que notables –eu incluso os cualificaría *cum laude* ollando a face de fruición da lexitima despois de cada marital faena–. Creio, xa que logo, que a miña media laranxa –medio limón sería infinitamente máis axeitado– non tiña de que se queixar, porque, polo demais, colaboraba na casa en todo o que se me pedía e non xeraba problemas dignos de ser tidos en conta. Mais, velaí, quixo o destino que a muller coñecese un impúbere e xerontófilo estudante de medicina que, polo visto, terminou por lle roubar os ollos –vaia, que por el comería sapos na cabeza dun tiñoso, tal era a súa teima, aínda que, dito sexa de paso, o único talento voluptuoso que tiña o neófito era deixar coa boca aberta a súa antiga amante, cousa en extremo doada por ser a interfecta unha boneca inchable–.

A raíz de tal traizón, pasei a pintar menos na vida amorosa e familiar que Pilatos no credo e, como queira que me tivese que encomendar a santo Xob,

patrón dos cornudos, mais tamén da paciencia, dediqueime a labores de moito estoicismo, coma a xardinería e a filatelia. Déuseme por coleccionar plantas e selos como a outros lles pode dar por fornecerse de calendarios de señoras en coiros ou estampañas de futbolistas. A min, que sempre estivera tolo de amor pola miña dona, nunca pola idea me pasara que a nosa lúa de mel puidese rematar en lúa de fel.

Non é doado escribir sobre o amor, tan vivo, dende a morte. Incluso vivo, o amor –segundo opinaba o divino Billy Wilder, tamén xa entre nós– é o que máis difícil resulta de describir ¡É tan sinxelo e a un tempo tan complexo! Hai que expresalo a través de pinceladas, coma a raiola de sol que ilumina o barril de chuvia, un teléfono que soa coma a Pastoral de Beethoven... unha carta súa que recende coma as lilas na primavera de Trasdomonte... Para o amante, o verdadeiro paraíso non está no ceo, senón sobre os beizos da muller amada. Lembro cando coñecín a que sería a miña dona e causa da miña perdición; lembro o nó na gorxa e o martelo no peito cando ía buscala para irmos por aí, ó cine ou de merenda ó campo –o mesmo tiña, o caso era estarmos xuntos–; lembro os primeiros bicos e a pulsión erótica que eu mortificaba ata os confíns da orquite –aínda me emociono cando me reencontro coa miña adolescencia gastada, co permiso de Proust–, ata que caín na conta de que a amada gáñase nos pequenos detalles –di un vello proverbio occidental que mentres non sexas quen de escribir o nome da túa amada na area, ela non escribirá o teu sobre o seu leito–. E así chegamos a onde chegan moitos amores, á consumación por necesidade dérmica. Cando hai romanticismo non hai cinismo –consultádeo, venerados lectores, con Oscar Wilde e veredes canto de certo hai nisto–.

Eramos dúas almas libres amándose –aínda non morrera o vento que desbaldira moreas de bicos, como tampouco o desamor entrara no corazón da miña futura–. Consumamos o amor e consumímonos mutuamente en mil lumes, en mil noites, en mil fogueiras de paixón, conscientes sempre de que o amor é inmortal mentres dura, que diría o poeta: “Amareite eternamente e aínda despois”. Co permiso do pobre e iluso Heine, heiche dicir, se me estás lendo, que iso xa non é certo, querida lurpia, pois eternamente chorarei a túa deslealdade con aquel noso amor primixenio e puro, e agora terei que inventar, como predicaba en cambio o aciago Cioran, unha segunda inocencia.

Eu, que soñara algunhas veces con suicidarme por amor e deixarche unha nota coma a que lle deixara Jean Rochefort a Anna Galiena na película *O marido da perruqueira*: “Meu amor, voume antes de que ti te vaias. Marcho antes de que deixes de desexarme, porque daquela só quedará a tenrura e sei que non será suficiente... Ameite sempre, non ameí a máis ningún. Voume para que nunca me esquezas”, agora tería que cambiar o ton desa nota por outro un chisco sarcástico, a causa da túa felonía.

Por todo aquel pasado arrebatado, parvo de min, non tentei buscar conso-lo noutros ollos nin noutros brazos e entregueime, como fago constar, ó xar-

dín e ás coleccións. Coleccionar cousas, máis que un vicio ou unha manía, é render profundo recoñecemento ó labor da humanidade, ó traballo dos demais, mais tamén é deixarse caer nos brazos da nostalgia, que pode ser a antesala da depresión. Coleccionar é rescatar o tempo, o noso tempo, o que nos quitaron de nenos e as estampañas que nos tiraron ó lixo. Todo o que un colecciona ten que ver co rescate da memoria e con atesourar o fermoso, mais o fermoso tamén pode suscitar a tristura, e detrás da beleza pódese acubillar a nosa ruína moral.

Nun posterior momento déuseme por escribir, quizais porque é un dos poucos oficios que diferencian o home do mono. Por máis que o digan as probabilidades estatísticas, todos sabemos que cen mil monos postos a teclear noutras tantas máquinas de escribir durante cen mil anos non poderán plasmar non só as obras completas do bardo de Stratford-upon-Avon, senón tan sequera un só dos seus floridos versos.

Pensei un tempo que o único que paga a pena é facer literatura, concitando os trasgos, os súcubos e todos os díaños da terra en pos da beleza e do pasado. Comecei esbozando historias que me saían ó paso na miña veciñanza, no cotián dos meus arredores, facendo especial fincapé nas pequenas cousas que atinxen ó humano devir, sen grandes formalidades na miña pluma, esmigallando a realidade sen máis pretensión que retratar aquilo que me circundaba. Mentres a miña dona e o seu imberbe socio de leito se deleitaban, eu dedicábame con gusto e proveito á arte de lixar papel para plasmar nel lerias e aconteceres de todas as trazas e carices. Tal amor collín polas letras que me afastei totalmente do mundo, nun arremedo fiel daquel don Alonso Quijano que tantas andanzas procurara no mundo das letras para logo traspasar o limiar da realidade e embarcarse en infindas loitas e continuos agravios que el mesmo se encargaba, ó seu xeito, de desfacer.

Despois, xa medio atrapado pola melancolía, hibernei a pluma e tamén tomei contacto co mundo da filosofía, un mundo de divagacións e incertezas, pois a nosa curta intelixencia non dá para moito máis que para andar dando tombos polas grandes preguntas da vida: ¿quen somos? ¿de onde vimos? ¿que sentido ten a existencia?... cuestións para as que non temos resposta –quizais nin sexan esas as preguntas adecuadas–; cuestións, en suma, ás que vimos dando voltas dende que nos plantaron neste val de bágoas, segundo o cristianismo, ou nesta terra de oportunidades para gozar, segundo o hedonismo. O caso é que a vida vaiche curando sarabullos a cambio de che xerar úlceras. Si, malia que nos pese, esa é a vida e a súa triste circunstancia, pois os hedonistas, por desgraza, soen durar menos, aínda que o pasen mellor.

Mentres eu, xa digo, pasaba o tempo en todos estes mesteres, os outros dous lados activos do triángulo, ademais de gozar do seu estreado amor, matinaban unha operación para se desfaceren de quen vos fala sen desaproveitar a súa poderosa capacidade amatoria, pois, como xa deixei ver, a agra-ciada aparencia do efebo que engaiolara a miña dona non se correspondía



coa súa destreza nas lides da paixón. E foi así que, un día, o aspirante a galeño, levado pola idea da miña señora –di un dito, cómpre recoñecer que un chisco machista, que as señoras teñen sete ideas ó día, e a menos maligna de todas seica é a de matar o home–, púxose a elucubrar como ían facer para librarse deste estorbo. Como os seus estudos habían servir para algo, ideou unha fórmula bastante ocorrente: illou con moito coidado unha mestura de microbios de difteria e gripe e deullos á muller para que, sen que eu caera na conta, os botara no meu xantar. Despois de varias doses enfermei, contraín unha gripe de cabalo que me consumía os folgos, mais non morrín desa sentada. A miña forte constitución semellaba facerme inmune a todo tipo de virus. Tratou logo de meter xermes de tuberculose nun spray nasal que utilizaba para uns problemas respiratorios que me afectaban de cando en vez, co fin de que collese o mal do peito, mais tampouco esta vez acadou o resultado apetecido. Recorreu de novo á gripe e unha vez máis ó tifo, pero a miña saúde non minguaba o suficiente para dar comigo na fría tumba. Folga dicir que todo isto sóubeno cando xa estaba morto –dito de primeira man, aínda que vos pareza increíble, polo meu propio asasino–.

Máis tarde, algún dos dous engadiu no meu té e na miña sopa unha sinxela medicina que contiña arsénico, pero tampouco iso foi suficiente para me despachar definitivamente –xa deberon de pensar que estaban a enfrontarse ó herdeiro de Rasputín ou algo polo estilo–. Tras estas estériles tentativas, e como para que non sospeitara nada, o émulo de Fleming deume unha especie de tratamento prefabricado concibido para me recuperar da miña feble e insólita situación. Non sei o que contiña aquel beberaxe, pero estou certo de que non habería que tomar moito para gañar a maratón de San Francisco. En poucos días púxenme coma un touro, pero había de ser, como reza a popular sentenza –e nunca mellor empregado este vocábulo–, engordar para morrer, pois, decididos a chegar ó final como for, idearon algo que, efectivamente, rematou coas miñas horas –contra o poder da morte non nace herba nas hortas–.

Unha mañá, eu adormiñaba no sofá do cuarto de estar e sentín unha picada breve e aguda. Pensei axiña que estaba soñando e non lle dei maior importancia. A picada era unha levísima inxección de curare que o imberbe xerme de facultativo atinara a poñerme por detrás do sofá, con tal maestría, todo hai que dicilo, que, unida ó meu sopor, obrou o contexto final. O curare, sabido é, inmoviliza por contracción muscular todo o corpo do afectado, e alí me vin eu, impotente ante a que se me viña enriba. Para rematar a teatral (de) función, a parella de rulos marchou tan pimpante á sesión matinal do cine. Mentres, na casa e diante dos meus espavorecidos ollos, desencadeouse un incendio que en pouco tempo arrasou todo o que pillou por banda, o meu corpo forzosamente inmóbil incluído, pois toda tentativa de movemento resultaba parella ós esforzos dun piollo na cinza, por máis que eu ardera coa présa –ollade, queridos lectores, que os símiles non son en

balde—. O sinistro futuro doutorciño amañara a cousa, axudado por un mecanismo de retardo, para que o incendio se desatara cando eles estaban vendo bicarse a John Wayne e Maureen O'Hara nesa marabilla da sétima arte que é *O Home Tranquilo* de John Ford. Cun reloxo espertador ó que conectou unha pila que estaba a un tempo ligada a un detonador, conseguiu que me fose para o mundo dende o que agora vos relato a miña historia con bastante facilidade. Todo sen xerar sospeitas nin deixar probas do crime.

Cando eu, sen me poder mover, escoitei o espertador a aquela hora na que xa levabamos certo tempo erguidos algo me cheirou ó chamusco, e como é doado adiviñar, non quedaría en mero cheiro. Alcancei a ollar o ceo encapotado pola fiestra do cuarto e púxenme a maldicir en arameo a miña sorte cadela e a lembrar por antífrase a fermosa frase de Edmond Rostand.

Aferrareivos, dilectos lectores, a estarrecedora sensación que se apodera da mente cando un se queima sen poder escapar do lume, e como o corpo se vai convertendo —de xeito infaustamente lento— en cinzas sen que lle poidas valer. Só vos direi que é unha dor superior a calquera outra, unha agonía tan intensa que mergulla a mente nun rodicio de terror e conduce a un á conclusión de que, do mesmo xeito que nacer é algo incrivelmente ridículo, morrer é algo realmente espantoso, sobre todo se se morre de dous xeitos: envelenado e queimado.

Tal e como quedou o meu aspecto nin o forense foi quen de recuperar nada que supuxese algo incriminatorio para os meus asasinios, co cal a parella feliz saíu ben librada e comeu perdices... por un tempo.

Hai unha salvidade escatolóxica que relatarei polo miúdo. Antes de se ir, o malévolo discípulo de Hipócrates, tamén levado pola ruín iniciativa da miña dona, seccionou limpamente a miña masculinidade amparado na imposta parálise que me anulaba. Pódovos asegurar que iso tamén doe, moral e fisicamente. Preguntarédesevos que con que obxecto o fixo —á parte de cunha lanceta perversamente afiada—... moi sinxelo: quería transplantar o meu atributo ó seu corpo, por ver se este obraba a milagre de convertelo no amante que a súa impericia erótica lle impedía ser. A miña señora desfaciase así do seu molesto cónxuxe sen renunciar ós engados do seu concupiscente ben obrar.

Mais non todo habían ser albízaras na sorte dos dous pombos adúlteros e asasinios, pois quixo de novo o destino, axudado por certa dose de xustiza poética, que o doutorciño morrera por mor da hemorraxia que lle provocou o implante do meu óso pingón, que rebentou por un exceso de presión mentres os dous celebraban nun restaurante o éxito do seu plan. Desta maneira insólita, o propio rival foi quen me veu contar ó outro mundo a premeditada carnicería, pois xa non tiña nada que perder. E así, tamén, a miña señora quedaba de novo libre e sen compromiso, lista para engaiolar a outras posibles vítimas da súa ambición e luxuria, e isto tamén constitúe, pola miña parte, un aviso a navegantes para que ningún se deixe sorprender.

Cando eu saín do meu asombro ante as palabras do galeno e ante tan truculenta viravolta, case volvo morrer coa risa que me entrou, como antes morreran o adiviño Calcas, o filósofo Quilón, o pintor Zeuxis, o poeta cómico Filemón ou o escritor Pietro Aretino. Si, todos eles morreron de risa, ou coa risa. Eu tamén preferiría ter morto coa risa antes que do xeito en que morrín, pero, unha vez morto, xa todo importa pouco. Morrer pódese morrer de moi distintas formas. O poeta chinés Li Po, considerado un dos máis grandes da historia literaria dese enorme país, era moi coñecido polo seu grande amor ó licor, e sábese que escribiu moitos dos seus mellores poemas estando bébedo. Atópabase nese estado a noite en que caeu do seu barquiño e afogou no río Yangt-ze ó tentar abrazar o reflexo da lúa na auga –pode un imaxinar morte máis digna para un poeta?–

Eu coido que o home se suicida, voluntaria ou involuntariamente, porque non atopa a Deus, ou polo menos a un deus que lle acalme os nervios existenciais. Quizais Deus mesmo se suicidou o sétimo día ó se sentir culpable, quen sabe; en todo caso, hai tamén múltiples e variadas formas de suicidio –Emerson dicía que o escepticismo é un suicidio lento–. O suicida Pavese escribiu: “Virá a morte e terá os teus ollos”, e tamén nos legou, horas antes de se suicidar, que “non nos matamos polo amor dunha muller, matámonos porque un amor, calquera amor, nos revela na nosa nudez, miseria, indefensión, nada”. Vén ser o desexo de morte que subxace a toda relación amorosa, pois a vida e o amor transcorren xuntos, ou son quizais unha soa enfermidade mortal, como sabe Gala. Ningún amor é o mesmo amor, pero todas as vítimas do amor se parecen entre si, e o suicidio é un bo final cando a alternativa é o ridículo.

Cando leo sobre as boas mortes lembro a miña, tan ruín e absurda, e non descanso moi ben esa noite. De saber o que me esperaba, mesmo eu me tería matado, posto que sempre respecteí moito dende o punto de vista moral esas mortes autoinflixidas. Coido que hai que ter moito valor, e iso sempre é respectable. Cada un fai papas da súa fariña, un é libre de se quitar do medio cando o crea oportuno, ou cando xa non crea na vida, aínda que hai quen di que suicidarse é crer na vida, que para todo hai opinións. Segundo Savater, ás veces, o suicidio pode ser unha saída moi digna, e a historia está ategada de suicidas. Un olla o deterioro e elixe a morte antes de que a morte o elixa a el. Non deberíamos escandalizármonos por esa forma de se desprender da vida. Porén, quen molesta é o choricás, o que pide continuamente o libro de reclamacións da existencia. Esa xente resulta insufrible, pero o que salta ó baleiro dende un sétimo andar merece, cando menos, o noso silencio.

Referireivos que en certa ocasión un boticario ferrolán, aflixido por unha mestura de desamor e de certas dificultades de índole pecuniaria, decidiu quitarse a vida e, querendo asegurar de xeito contumaz o abandono do mundo e das súas tristuras, foise ó cume dun cantil, atou un nó ó redor do

pescozo cunha corda, anoou o outro extremo da soga a unha rocha grande, bebeu veneno, plantoulle lume á roupa e ata tratou de se disparar no derradeiro intre. Saltou do precipicio e, no mesmo momento en que caía, desapareceu. A bala, que non o tocou, cortou a soga sobre el. Ceibe da ameaza de se aforcar, caeu ó mar. O repentino mergullo na auga extinguiu as lapas e fíxolle trousar o veneno. Un pescador que pasaba pola zona sacouno con vida da auga e levouno ó hospital, onde morreu... de hipotermia. Cantas voltas dá o *fatum* dalgunha xente para volver ó seu.

A miña historia non rematou, xa que logo, como eu quixera, pero rematou, e eu, unha vez morto, volvíñ coller a pluma —é un falar—, coa que sigo en plena lúa de mel, pois as miñas obras estanse a converter en auténticos best-sellers —o meu editor xa me chama o Cid creador, por aquilo de triunfar despois de morto. En fin, xa sabemos canto de necrofilia teñen os oficios artísticos e literarios—. Asino co pseudónimo de Castus Occisus, e non paro de parir páxinas preñadas de lembranzas e reflexións sobre a vida, sobre a morte, sobre o amor, sobre todo o que nos toca máis ou menos na fibra das emocións e na ansia de coñecemento —sempre limitado, claro está, pois, como unha vez máis, dicía o filósofo “eu só sei que Sócrates non sabía nada”—.

Milan Kundera deixou escrito que ser mortal é a experiencia humana máis esencial e, porén, o home nunca foi quen de aceptala, comprendela e comportarse de acordo con ela. O home, seica, non sabe ser mortal. E cando morre nin sequera sabe estar morto. Eu non sei se saberei estar morto, pero a miña actividade é máis febril que cando vivía.

A morte, por outra parte, seguindo as douts palabras de Julio Camba, é unha cousa moi seria, que aumenta o noso prestixio e case equivale a un ascenso. En verdade é algo serio, ata o extremo de que un neno perde a súa infancia o día que se sabe mortal.

Antes de me despedir, heivos dar un dato importante: a morte equivale a saborear o pracer do “total non ser”, do cal o romántico Novalis dixo que tiña cor azulada. Sen dúbida ha ser pola lúa, que é o noso sol predilecto.

E outra cousa para rematar: isto non vos deixa de ser pura introspección —que outra cousa podería ser neste estado?— Eu enfróntome nada menos que a iso que chamamos eternidade. Poñamos dous casos de imaxinativo cálculo da eternidade por parte da raza humana. Se facemos caso da doutrina hindú, a concepción do universo consta dun número infinito de ciclos que se miden por *calpas*. Permitámonos imaxinar unha parede de ferro de dezaioito quilómetros de alto. Cada seiscentos anos un anxo roza esa parede. Rózaa cunha tela finísima de Benarés. Cando a tela teña gastado a muralla que ten dezaioito quilómetros de alto, terá pasado o primeiro día dunha das *calpas*. Folga dicir que a eternidade tería infinita suma de *calpas*.

O outro caso vén dado pola imaxe que nos pintaban os cregos cristiáns no internado en que eu pasei boa parte da miña adolescencia: unha formiga

dando voltas polo ecuador do globo terráqueo. A forza de dar voltas, tería que chegar un intre no que, pola erosión, a terra partiría en dúas metades e, nese momento, estaría a piques de erguerse o sol que inaugurase o primeiro día da eternidade.

Se nos atemos a calquera das dúas hipóteses, veredes que aínda me queda un pouquiño de tempo para seguir coa miña vocación, así que espero enviarvos novas miñas no futuro –se seguides aí–. Aguriño, amigos, ou ata que o anxo e a formiga queiran.

Francisco Rozados “Rochi



*Manuel Rodríguez López*  
*Filho predilecto de Paradelá*

## Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: **“POEMAS POPULARES GALEGOS”** (1968), **“SAUDADE NO BULLEIRO”** (1970), **“SOLDADA MINIMA”** (1979), **“ONTE E HOXE VIVENCIAL”** (1995) e **“A ATLANTIDA”** (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer e **“MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA”** (2009). En prosa: **“REENCONTRO COA ALDEA”** (1983), **“GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982”** (1983), **“GALEGOS EN CATALUNYA-2”** (1985), **“VIAXES CON ANXEL FOLE”** (1988), **“FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989”** (1989), libro-programa das festas e **“VOLTA A ESPAÑA A PE”** (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan **“HOMAXE O CHE”** (1970), **“A NOSA TERRA”** (de “Libro de Oro”, no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), **“HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO”** (1976), **“GALICIA NO ANO 1979”** (1979), **“JOSE M<sup>a</sup> ACUÑA”** (1983), **“OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE”** (1986), **“VOCES POETICAS”** (1987), **“PARADELA Y SU CONCELLO”** (1990) e **“ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA”** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como **“Gran Enciclopedia Callega”** (ver tamén o apéndice I), **“Medio cento de galegos e Rosalía”** (1983), **“88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes”** (1983), **“De Pondal a Novoneyra”** (1984), **“Diccionario de escritores en lingua galega”** (1990), **“Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-**

## *Fillo predilecto de Paradela*

**1975"** (libro e vídeo, 1993) **"Diccionario da literatura galega. I. Autores"** (1995), **"Diccionario de Fole"** (1997), **"Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya"** (1999) e **"Vida e obra de Manuel Rodríguez López"** (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas **"TI ES ETERNO"** e **"NEOPLASIA"**, respectivamente; o Premio Xosé M<sup>a</sup> Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con **"A EMIGRANTE"** e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra **"NOITE DE NADAL"**.

En prosa, coa peza teatral **"VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA"**, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos **"A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS"** (1977) e **"QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO"** (1986) e, en Baracaldo, **"BAIXA VOLUNTARIA"** (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas* e *Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de *Faro de Vigo* e de *El Ideal Gallego* na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de *El Progreso* de Lugo, *La Voz de Galicia* e *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M<sup>a</sup> Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado **"Fillo Predilecto do Concello de Paradela"** e **"Lucense del año 1989"**. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela **"Manuel Rodríguez López"** e, no ano 2001, o novo **"Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López"** tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o *Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López*, organizado polo



## A meiga e o zapateiro

En Fontepedra o Sidro tina uns toxales que daba xenio velos. Xuntou unha roga e aló se foi o Xan tamén. Rozaban de moito aquel o Suso, o Grilo e o Barxa, amigos inseparables do Sidro nas labours e nas foliadas, na sega ou na casa botando unha biriscada. O Xan tentou rozar tamén; pero íl había dar unha chea de bouchazos pra facer o traballo que facían os outros nun santiamén. Moito se espiñou e empapou en sudes! Non estaba afeito a traballos tan duros e, de cando en cando, ía á fonte — que dá nome ó monte— e recreábase bebendo grandes grols de auga fresca e cun deixo amargo, moi diferente por certo, da auga purificada da capital.

Pola tarde, o Suso adicouse a carretar os toxos e o Xan foi con íl pra afalar as vacas. O carro chiaba cantareiro. Na costa do Eirexario os bois renqueaban e o Suso aguilloaba niles canto podía, botando cada lostrigo que facía tronar.

— Sonche túzaros, díxolle o Suso ó decatarse que desaprobaba aquil xeito de tratar ós animais. Se non mazas niles e non lles berras — engadíu— son capaces de botar unha sesta polo camiño.

O Suso era bon rapaz, pero duro demáis coa facenda que íl consideraba cal se fora unha ferramenta de traballo. En troques, o Xan, debido cecáis á súa crianza na cidade, ollaba ós animais con visión diferente.

Chegaron ó derradeiro tramo do camiño. Agora a corga baixaba engorde. Xa non facía falla aguilloar ós bois e o Suso espetoulle:

—Fuches ben parvo antonte! ¿Por qué marchaches da festa?

—Non me atopaba nada ben e fun pasear. Sabes que a paisaxe sáname.

—E eu tiven que aturar ás dúas irmáns, berrou o Suso, porque a Marta non quixo acompañante. Inda menos malo que, en chegando á casa, a Milagros tivo un intre pra min no tendal. Talmente coidei que ía perder o tempo.

—E a Sara, ¿decatácheste se foi acompañada prá casa?

—Polo camiño, ela, a Rosiña e as de Santalla, vímolas cuns rapaces de Castro de Rei. Ían aturulando e cantando. Como podes figurarte, logo perderíanse entre xestas e balados.

—Non serán todas igoales.

—Non ponería as mans no lume por ningunha delas.

—¿Nen pola Sara?

—Endexamáis a tentei. Pero deixa que che diga, aínda que seña conto vello.

## *Fillo predilecto de Paradela*

Il era unha moza que, moi amiúdo, ía ó zapateiro pra arranxar os zapatos e o zapateiro, vendo que derramaba tanto calzado, díxolle:

—Se quixeras casar comigo aforrarías moitos cartos.

E a moza contestoulle:

—Se queres ti, casamos.

Il estaba solteiro porque non tivera tempo de se percurar unha noiva, por mor de tanto traballo e ela, que era moi vivaracha, engadouno e casaron axiña.

A primeira noite pregoulle a rapaza:

—Vaite deitando, que teño que ir á casa da comadre. Virei logo.

Cando volveu, preguntoulle o home. —¿Cómo tardaches tanto?

—Puxémonos a falar de bodas e parei máis da conta.

A noite seguinte díxolle il:

—Vamos prá cama, que xa son as doce. E ela contestou:

—Vaite deitando namentras lavo as cuncas. O zapateiro maliciouse e, á noite do terceiro día, deitouse coma se tal cousa e, ós poucos, xa sorneaba. A muller, coidando que dormía, sacou un pucheiro da lacena, espíuse e, logo, pasou a camisa por riba do home decindo:

«Eu te bendigo, Belcebú, coa faldra do meu cú. En canto vou e veño, non despertes tú».

Untouse o corpo todo co óleo que tiña dentro do pucheiro e, no intre, sumiuse. O home estivera guichando canto facía a súa muller e non paraba de se preguntar onde ela iría espida e, collendo o mesmo pucheiro, untouse sumíndose il tamén.

Súpetamente atopouse nunha xuntanza de moitas mulleres que se quentaban arredor dunha lareira con forte lume. Alí estaba ela, á esquerda dun home anano moi groso e virolo, que polos ollos botaba lume.

O zapateiro anicrouse nun recanto e viu, alporizado, como se erguían collidas das mans e comenzaban a bailar arredor do macaco, formando unha gran roda. Logo o porcallán baixou os pantalóns e púxose de querquenas e, cada canto, unha delas bicáballe as nádigas. O zapateiro, que levaba no bulsón a subela, sumouse á roda e, cando lle tocou a vez, en troques do bico, espetoulle un subelazo e o vello laiouse:

— Eiquí hai uns beizos bravos!

De súpeto a roda esfarelouse e as mulleres desapareceron fican-do os dous fronte a fronte. E o zapateiro díxolle con sorna:

— Rapaz, con tanta meiga non sentirías friaxe...

O demo, decatándose de que se ría das suas medras, quixo ceibarlle un lapote; pero o zapateiro, lizgairo, asoprou con forza tal que escagallou o lume e, a furtadelas, puido liscar na cega oscuridade daquil antro.

En chegando á casa, fixo nove cruces con garabullos de oliveira, pendurounas das paredes e espaxeou auga bendita por todos os recantos.

E, cando chegou a muller, chimpoulle as pingas sobras do latón e a rameira do demo estoupou con gran estrondo, mergullando o lugar todo nun cheiru-me porcallento.

—Canto acabas de trapelear está moi ben; pero non sei a que vén.

—Leva o seu fundamento. ¿Quén lle ía decir ó vello que casara cunha meiga?

—¿Non eisiste, logo, a honra?

—Din que é coma un cristal. Un coio con acerto e rompe!

—Hainos que non quebran tan doadamente.

—¿Dílo pola Sara?

—Dígoo porque creo na honra!

—Ti estás namorado déla. Créme. Somos novos. Non te deixes ensarillar. Conto que, pro nove, irás a Portomarín.

—Non cho sei.

—O teu curmán seica irá á feira. Atoparémonos aló e faremos unha visita á Milagros e á Marta.

—Non che aseguro nada.

—Sei canto che pasou coa Marta. Decateime deseguida e tireille da lingoa, por saber...

—E ¿contouche todo?

—Sí. Ten ciumes. Podo xurarche que está toliña por ti.

—Tiña razón a señora Amparo. Engolfáchesme ben.

—Déixate de sentimentalismos. Xa che dixen que somos novos aínda pra encerellármonos. Hai que divertirse! Conto que nos veremos aló. Prometinlles que te levaría comigo.

**Manuel Rodríguez López**

Do libro “REENCONTRO COA ALDEA”

(Edicións Do Castro, 1983)

## *Contrato*

DE TRABALLO EN PERCURO,  
dempois de longas camiñatas  
polo arrabal fabril,  
deche, ó fin, cunha porta franca.  
As túas maos calosas  
garabetearon nomes, datas;  
namentras remuiñábanche  
mil ideas na ialma:  
Xornal, fillos, muller,  
termar da casa,  
catro meses baleiros,  
comendo bágoas  
porque a Crisis deixárate na rúa  
sen doerse das entrañas...  
Xa téis onde gañar o pan.  
Traballas,  
inda que a loita sigue  
e as mouras inquedanzas;  
que soio por tres meses  
as túas maos contratan...

Os días voarán. O Paro,  
cal noxenta pantasma,  
con gargalladas cónicas,  
AGARDA!

**Manuel Rodríguez López**

Dos libros "SOLDADA MINIMA"  
(Edicións Do Castro, 1979)

"POESIA COMPLETA. MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ"  
(Edicións Espiral Maior, 2009)



CONCELLO DE PARADELA





